



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Lingua e Literatura Españolas- INTERCAMPUS

Curso Académico: Curso 2018-2019

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- Plan de Melloras
 - Abertas Curso 2019-2020
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - Outros criterios
 - [AM-GLLE-1 - Grao en Lingua e Literatura Españolas-INTERCAMPUS](#)
 - [AM-GLLE-2 - Grao en Lingua e Literatura Españolas-INTERCAMPUS](#)
 - Finalizadas Curso 2018-2019
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - Outros criterios
 - [AM-GLLE-1 - Grao en Lingua e Literatura Españolas-INTERCAMPUS](#)
 - [AM-GLLE-2 - Grao en Lingua e Literatura Españolas-INTERCAMPUS](#)
 - [AM-GLLE-3 - Grao en Lingua e Literatura Españolas-INTERCAMPUS](#)

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Lingua e Literatura Españolas-INTERCAMPUS
Mencións/Especialidades	-----
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-----
Centro responsable	Facultade de Filoloxía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Humanidades
	Facultade de Filoloxía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	27/07/2009
Data renovación acreditación	15/09/2017

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título mantén o interese e a relevancia académica. Está actualizado segundo os requisitos da disciplina, así como segundo os avances tecnolóxicos e científicos. No que afecta aos niveis científico e profesional axústase, xa que logo, á memoria de verificación, coas actualizacións necesarias. Segundo o Informe máis recente do Instituto Cervantes (*Español: una lengua viva*, 2019), en 2019, "casi 483 millones de personas tienen el español como lengua materna. A su vez, el grupo de usuarios potenciales de español en el mundo supera los 580 millones" (páx. 5). No ano 2019, o 7,6% da poboación mundial é hispanofalante e cerca de 22 millóns de persoas estudan español como lingua estranxeira. Non hai dúbida, xa que logo, da relevancia dos estudos de Lingua e Literatura españolas.

A formación ofrecida aos estudantes, actualizada e adaptada aos avances así como aos requirimentos do mercado laboral, cumpre os obxectivos, as competencias xerais e as competencias específicas establecidos na memoria de verificación. Véxanse os datos derivados das enquisas de satisfacción no CRITERIO 7, apartado 7.2., onde se observa que os indicadores de satisfacción son globalmente positivos en todos os colectivos analizados, particularmente no de estudantes e profesores. Na meirande parte das enquisas, a valoración supera as medias da USC, sobre todo no que respecta ás taxas de participación.

O alumnado procede maioritariamente do Bacharelato, polo que perfil de ingreso ao GLE é coherente coas previsións iniciais. Ademais, o estudantado ten unha nota media elevada e a súa elección do grao continúa a ser vocacional (véxase o apartado 1.4. máis abaixo).

Número de estudantes de novo ingreso

A principal evidencia de que o título mantén o interese académico descrito na memoria de verificación é o número de alumnos matriculados. A matrícula de novo ingreso por preinscrición foi de 65 alumnos en 2018-19 (58 en Santiago e 7 en Lugo). Como é sabido, o GLE deixará de impartirse en Lugo como parte da reorganización do mapa de titulacións do Sistema Universitario Galego. Tras o comezo da eliminación no curso 2018-19 do grupo do GLE en Lugo, está a ser progresiva a supresión de cada curso conforme avanzamos no tempo. Só se observa, xa que logo, variación moi negativa da matrícula de novo ingreso na Facultade de Humanidades, onde houbo un descenso porcentual na taxa de variación relativa da matrícula de novo ingreso por preinscrición de -44,44. Pola contra, no campus de Santiago, a taxa de variación neste indicador é de 11,76, a máis alta desde 2013-14.

No que afecta ao alumnado novo, cómpre ter en conta que numerosos estudantes *Erasmus* e doutros programas de mobilidade se incorporan a materias do GLE, nomeadamente ás do Maior, como se indica máis abaixo no apartado 1.4 (epígrafe *Procedencia xeográfica*). A porcentaxe de estudantes recibidos na USC no GLE, procedentes doutras universidades, sobre o total de matriculados foi en 2018-19 dun 48,65% (o número de estudantes de mobilidade entrante para o GLE foi no curso 2018-19 de 98 persoas, a cifra máis elevada das titulacións de grao da Facultade de Filoloxía).

Captación de alumnado

A demanda do GLE segue a ser sólida e a demostrar o atractivo do título, con datos de matrícula estables. A relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas alcanzou un 51,58% no GLE no curso 2018-19, dato que convén desagregar no correspondente á Facultade de Humanidades (8,89%) e o

correspondente á Facultade de Filoloxía (90,00%), máis relevante pois será o que sirva como referencia para os vindeiros cursos. A taxa de ocupación —número de estudantes de novo ingreso por preinscrición dividido entre as prazas ofertadas— en 2018-19 é dun 114,00% en Santiago, un dato moi significativo, pois a taxa supera a dos cursos anteriores, que foi dun 102,00%. Non hai dúbida de que aquí queda patente o efecto positivo, coma xa se ven comentando cada curso, das políticas activas de información previa e captación de novos estudantes desenvolvidas pola Facultade de Filoloxía: visitas de estudantes de ensinanzas medias e de profesorado da Facultade aos institutos, dentro do programa *A Ponte*, con charlas temáticas. E de presentación da USC, participación nas Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional e distribución de material informativo durante as PAAU e nos institutos.

Perfil de egreso: satisfacción dos egresados y inserción laboral

O perfil maioritario claro dos nosos titulados continúa a ser o perfil docente, sexa no ámbito do ensino secundario ou no do ensino de Español Lingua Estranxeira (ELE). No primeiro caso é necesario realizar unha formación posgraduada específica e, no segundo, é moi recomendable complementar os estudos de Grao cun mestrado específico. A educación permanente e o ensino de adultos, así como a docencia de Lingua, Literatura e Cultura españolas en centros e universidades estranxeiras son opcións tamén axeitadas. Outros perfís profesionais: os relacionados co mundo editorial e coa prensa —edición de textos, crítica literaria e textual, produción editorial, corrección literaria ou de probas, asesoramento, tradución, redacción e colaboración en medios de comunicación etc.—, as industrias da lingua, a mediación lingüística —intercultural, empresarial, interprofesional—, o asesoramento lingüístico, peritaxe xudicial en lingüística forense, intervención e avaliación das patoloxías da linguaxe, xestión cultural e artística ou planificación lingüística.

En canto á inserción laboral, xa o curso 2017-18 comezara unha recuperación na oferta pública de emprego, en concreto nos postos asociados ao ensino, que se mantivo no 2018-19. Desafortunadamente esta situación está a verse truncada no momento actual (maio de 2020), veremos como se desenvolve nos vindeiros meses.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A oferta de módulos e de disciplinas e materias responde ás directrices esbozadas na memoria de verificación. As actividades e metodoloxías docentes, así como os sistemas de avaliación e cualificación, descritos nos programas e as guías docentes das materias, garanten que o alumnado adquira as competencias oportunas. O número de profesores por estudante e a distribución de alumnas e alumnos por grupos de docencia expositiva e interactiva son coherentes co establecido no proxecto de implantación e os criterios xerais da USC: garanten un desenvolvemento axeitado do proceso de aprendizaxe e a consecución dos obxectivos establecidos na memoria de verificación del título.

Desde a primavera de 2018 publicouse e actualizouse na web da Facultade de Filoloxía a composición das comisións dos títulos de Grao e da Comisión de Calidade, así os principais acordos das comisións.

Consecución de competencias

A través dos indicadores de resultados do título é posible contar cunha evidencia aproximativa da medida na que se acadan os obxectivos descritos na memoria de verificación. Selecciónanse aquí dous aspectos relacionados coa adquisición de competencias xerais e específicas previstas tanto na memoria inicial coma nos propios programas das materias: 1) *O/A docente motiva a participación activa do alumnado no desenvolvemento da clase?*, cunha resposta no curso 2018-19 de 4,11, nun baremo de 1 a 5 (4,63 en Lugo e 4,04 en Santiago). 2) *O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma?*, cunha resposta global de 3,95 (4,66 en Lugo e 3,86 en Santiago). Como se pode apreciar, a valoración é moi positiva no primeiro dos ítems e positiva no segundo (globalmente a porcentaxe de participación foi no curso 2018-19 do 37,0%. Canto ao colectivo de egresados, a valoración é desigual e, sobre todo, cunha participación moi baixa como para que poida ser considerada de relevancia: só dúas persoas, unha en Lugo e unha

en Santiago a cubriron.

Participación do alumnado en programas de mobilidade

A porcentaxe de estudantes enviados pola USC na titulación a outras universidades foi no curso 2018-19 do 4,21%, algo máis baixa que no curso anterior, pois non houbo ningún estudante de mobilidade saínte procedente do Campus de Lugo. A mobilidade saínte do GLE rexistrou 9 saídas en 2018-19. Delas, 1 nos convenios con outras universidades (México), 6 dentro do programa Erasmus (Italia, Polonia e Rumanía foron os destinos) e 2 no SICUE. É importante subliñar que a propia natureza do GLE fai del un título máis receptor que exportador de estudantes; por iso mesmo, a situación semella positiva, cunha tendencia á alza, no que a Santiago se refire.

Os índices de satisfacción dos estudantes que participaron en programas de mobilidade son globalmente positivos, hai que ter en conta que só cubriron a enquisa a metade dos estudantes saíntes. O grao de satisfacción global é dun 3,75 (sobre 5), fronte ao 3,62 do curso anterior. Destaca positivamente o nivel de satisfacción co programa e coa experiencia, que é dun 4,75 (o mellor desde o curso 16/17). Con todo, algúns dos ítems da enquisa teñen valoracións baixas: infraestruturas e materiais dispoñibles na universidade de acollida (2,50), a información previa dispoñible mediante a web da USC (2,50), a preparación lingüística proporcionada pola USC (2,25), a axuda económica recibida (2,33). Parece claro que a USC ten que mellorar a atención nestes aspectos, que desafortunadamente non parecen tampouco especialmente coidados nas universidades de destino. Os puntos valorados como máis positivos son a integración cos/as compañeiros/as (4,75), a calidade do profesorado na acollida e as posibilidades de validación das materias (4,00).

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Un dos aspectos máis traballados no título —desde o curso 2016-17— é o dos procedementos de coordinación de materias e grupos docentes (Lugo e Santiago), así como a coordinación de cursos. Abordar da maneira máis rentable a coordinación de cada curso é un reto ao que nos estamos a enfrontar nestes tempos, polo que tanto desde o título como desde a Comisión de Títulos de Grao e a de Calidade constitúe un eixe prioritario.

Coordinación

Os obxectivos principais dos diferentes niveis de coordinación son: garantir a non reiteración de contidos en materias diferentes e evitar a existencia de lagoas nos coñecementos adquiridos polos titulados, ademais de procurar unha proporcionalidade entre o traballo que se esixe ao estudantado e os créditos atribuídos ás materias, de xeito que non haxa unha acumulación excesiva de actividades nuns determinados momentos do calendario. En xeral, cada materia dispón dunha figura docente para a coordinación, sobre quen recae, en primeira instancia, a tarefa de garantir a uniformidade dos obxectivos, os contidos, e os criterios e procedementos de avaliación das competencias do alumnado. Esta tarefa de coordinación, que implica a celebración de sesións de traballo e frecuentes comunicacións entre os profesores implicados durante o curso, complementase con outros controis sobre a programación docente, realizados polas catro coordinacións de área (*Lingua española, Literatura española, Teoría da literatura e literatura comparada e Lingüística xeral*), pola coordinación do título e pola Comisión do GLE.

A totalidade das materias impartidas dobremente, en Lugo e Santiago, coinciden en contidos, obxectivos e sistemas de avaliación, agás en aspectos concretos relacionados coas características diferentes dos grupos, en particular o menor tamaño da meirande parte dos configurados en Lugo. Os mecanismos cos que conta a titulación a prol dunha axeitada e efectiva coordinación son os que seguen:

- Traballo conxunto das secretarías dos centros (Facultades de Filoloxía e Humanidades) en todo o que está

relacionado coa xestión do título: aplicación da normativa, prazos, Traballos de Fin de Grao, prácticas externas...

- Presenza dunha profesora representante de Lugo na Comisión do GLLE, tamén na Comisión Académica da Facultade de Humanidades.
- Elaboración consensuada do programa e a guía docente de cada materia entre o profesorado de Santiago e o de Lugo, de xeito que, tras as preceptivas revisión e aprobación polos órganos competentes, o alumnado de ambos os grupos comparten exactamente a mesma planificación docente.

A Comisión do GLLE decidira nomear coordinadores de curso na titulación (na súa sesión ordinaria do 07/03/2018) co obxecto de mellorar a comunicación cos estudantes e detectar e solucionar posibles problemas no desenvolvemento do programa de estudos do GLLE. Os membros da Comisión que representan ás catro áreas con docencia no Departamento foron designados como encargados de asumir a tarefa de coordinación de curso, segundo a distribución seguinte:

Coordinación de 1º curso - representante de Lingüística Xeral

Coordinación de 2º curso - representante de Teoría da Literatura e Literatura comparada

Coordinación de 3º curso - representante de Literatura española

Coordinación de 4º curso - representante de Lingua española

Estes representantes estiveron a disposición de estudantado e profesorado do GLLE durante o curso 2017-18, mais non fora posible realizar, como estaba previsto, unha reunión conxunta de coordinadores por falta de tempo xa na fin do curso e como consecuencia do cambio na coordinación do Grao. Propúxose, xa que logo, a AM-GLLE-2 (2018-19), que foi executada tal e como se planificara, coa participación dos coordinadores de curso, do alumnado e da coordinadora do grao. O desenvolvemento e as conclusións desta AM están explicadas máis abaixo, no CRITERIO 7, apartado 7.2.

A eficacia dos mecanismos de coordinación pode avaliarse tamén segundo os resultados obtidos por este aspecto da docencia nas enquisas de satisfacción. O alumnado non puido valorar este aspecto no cuestionario do curso 2018-19, pois as preguntas cambiaron e a que se refería a este punto concreto suprimíuse. Mais o profesorado si puido valorar este aspecto, pois na súa enquisa hai una pregunta concreta sobre isto: "A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é adecuada?" A valoración do PDI é un pouco máis baixa no caso de Santiago, que lle outorga a esta pregunta unha puntuación de 3,58 no curso 2018-19, fronte á máis satisfactoria de Lugo, cun 4,00 (sempre sobre 5). Os mecanismos de coordinación resultan globalmente eficientes, se temos en conta a opinión docente, é de supoñer que a diferenza se debe ao feito de que as materias estean máis compartimentadas no campus de Santiago.

Prácticas externas

Dende que se implantaron por vez primeira en Filoloxía as prácticas externas en empresas e institucións para as titulacións de grao (2013-14), levaronse a cabo unha serie de iniciativas para normalizalas —a memoria do título non establecía obrigatoriedade, mais si contemplaba a posibilidade de realización de prácticas e que o alumnado tivese por elas un recoñecemento de 6 créditos no módulo optativo. Os resultados veñen sendo positivos, aínda que haberá que agardar aínda uns anos desde a súa efectiva implantación para avaliar o grao de éxito. A porcentaxe de estudantes egresados no curso 2018-19 que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións foi do 4,26%, non habendo ningún estudante do Campus de Lugo (no curso 2017-18 fora do 5,71%). As prácticas externas do GLLE desenvolvéronse no curso 2018-19 en [Alumni USC](#), a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela, en Santiago. A satisfacción da persoa externa que titorizou as prácticas foi moi boa, valorada cun 4,40 sobre 5,00, mentres que a valoración da titora académica foi de 5,00. Canto a alumna que cubriu a enquisa de satisfacción, valora de maneira desigual e nos extremos, dependendo dos items: moi positivo todo o relacionado coa información e a orientación (5,00), así como as relacións coas persoas e o grao de satisfacción xeral (4,00), pero negativo o referido á relación coa titulación do traballo desenvolvido (1,00), á duración das prácticas (2,00) ou ó cumprimento das expectativas (3,00).

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O feito de contar cunha matrícula moi vocacional e cunha nota media elevada outorga coherencia ás cualidades do perfil do estudantado matriculado no GLE. A memoria verificada do título non contempla unha formación específica previa, pero si a recomendación de que os estudantes teñan cursado a modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais no Bacharelato.

Perfil real de ingreso

Datos da CiUG relativos ao último curso 2018-19 sobre a **ensinanza de acceso**:

- No campus de Santiago, o 100% dos alumnos procede do Bacharelato. Das 221 preinscricións rexistradas, 218 pertencían a alumnos procedentes do Bacharelato, dos que foron admitidos 64 e formalizaron a matrícula 56.
- No campus de Lugo, tamén o 100% dos estudantes tiña cursado o Bacharelato. De 35 preinscricións, 34 procedían do Bacharelato e 1 de titulados universitarios; os 6 finalmente matriculados, procedían do Bacharelato.

A pertinencia do título e o atractivo que presenta para alumnos cun bo expediente académico queda patente no feito de que a **nota media de acceso** ao GLE se situou arredor do 9 no curso 2018-19. Segundo os datos recollidos pola área de Calidade da USC, no curso 2018-19 chegou a un 9,15 de media en Santiago e a un 7,81 en Lugo. A porcentaxe de estudantes que accederon á titulación con puntuación igual ou superior a seis en 2018 foi do 98,31%.

Como en cursos anteriores, a orde de **preferencia** na matrícula revela o carácter vocacional dos estudos do GLE en Santiago: 63 alumnos elixírono en primeira opción, dos que se matricularon 46 (90%), (51 en segunda con 7 matriculados, 39 en terceira, 36 en cuarta con 2 matriculados, 25 en quinta con 1 matriculado etc.). En Lugo, 5 dos matriculados (83,3%) elixiron o título en primeira opción e 1 como cuarta opción (16,7%). A relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas alcanzou unha taxa do 51,58% en 2018-19 (moi próximo ao 52,63% de 2017-18).

Ao respecto da **procedencia xeográfica**, os estudantes foron en 2018-19 case na súa totalidade españois: en Santiago, 53 galegos, 1 doutras autonomías e 1 dun país da Unión Europea; en Lugo, 5 eran galegos e 1 doutras autonomías. Como xa se adiantou no apartado 1.1. e hai que subliñar sempre neste punto, o GLE posúe, desde a súa implantación, un marcado carácter de título de acollida de estudantes procedentes de distintos programas de mobilidade desde o estranxeiro e, en menor medida, desde outras comunidades españolas. Esta peculiaridade é debida á natureza do título, de especialización en lingua e literatura españolas. A porcentaxe de alumnos estranxeiros recibidos pola USC sobre o total de matriculados nas aulas alcanzou no curso 2018-19 o 48,65%. A elevada demanda de alumnos estranxeiros, en concreto dun amplo grupo de estudantes procedentes da China, impulsou medidas para garantir a calidade docente e ofrecer formación axeitada a estudantes necesitados de medidas formativas específicas ao longo dos cursos (alomenos desde 2012-13). A Área de Lingua española do GLE iniciara xa bastantes cursos atrás un proceso de reflexión a través de diversas reunións do profesorado implicado —o detalle destas accións quedou explicada nos autoinformes dos cursos 2016-17 e 2017-18— e asumiu unha acción de mellora relacionada con este alumnado (AM-GLE-1 2018-19), da que se responsabilizou a Coordinadora da Área de Lingua española (LinE). Esta AM, consistente na recollida de información sobre o perfil dos estudantes estranxeiros que acceden aos estudos do GLE, confirmou os datos que xa tiñamos de cursos anteriores e abundou na solución proposta, que se explica no parágrafo seguinte.

A Área de LinE levaba anos intentando resolver os problemas docentes derivados da entrada masiva de estudantes de intercambio con baixo ou moi baixo nivel de competencia lingüística. Creáranse os chamados “grupos de nivelación” que se aplicaron no curso 2018-19 en tres materias: Lingua española 1, Gramática española 1 e Lingua española 2. Estes grupos específicos para estranxeiros aliviaron en boa medida a docencia dos grupos “regulares”, mais presentaban un problema administrativo, pois a todos os efectos os estudantes que os cursaban eran alumnos das materias correspondentes do GLE. Por este motivo, aprobouse en Xunta de Facultade o establecemento dunha serie de materias de diversas áreas ofertadas a estes estudantes, entre as que estarían as de español, co seu propio código e a súa propia denominación. Quedou así fixada unha proposta de oferta académica de materias para alumnado de mobilidade, independente dos Graos, e no noso caso independente do GLE, de dúas materias (unha delas repetida nos dous cuatrimestres) de contidos de lingua española (*Gramática práctica del español I* e *Gramática práctica del español II*). Estas novas materias desenvólvense por primeira vez no curso actual (2019-20), polo que a súa implementación será valorada en relación co Título no informe do vindeiro curso.

Resultados das enquisas realizadas entre alumnos de novo ingreso no GLE

A distribución dunha enquisa durante a xornada de benvinda aos alumnos de novo ingreso dos graos é práctica usual na Facultade de Filoloxía desde o curso 2014-15. No referente, pois, ao grupo de Santiago —no de Lugo non hai datos—, o curso 2018-19 participaron 126 alumnos (a recollida dos datos fíxose o 10/09/2018). Destes estudantes, 21 estaban matriculados no GLE. O 85% dos enquisados en conxunto elixira o seu título como primeira opción de matrícula, taxa

que demostra, como xa vimos, que a decisión segue a ter un compoñente vocacional moi importante. O interese polas linguas e a lingüística acaprou o 66% das respostas á consulta sobre o motivo da elección. A continuación situáronse a afección pola literatura (49%), o desexo de aprender o idioma (40%) e a afección á literatura e interese polas linguas (31%). A meirande parte dos estudantes souberon da Facultade de Filoloxía a través do profesorado do instituto (36%), a través da web (33%) ou a través dun/dunha estudante da Facultade (23%). O 35 % deles non coñecían a opción que ofrece a Facultade de obter dous títulos de grao en só 5 anos; diante desa posibilidade, amosaron o seu interes en cursar, como segundo grao, Lingua e Literatura españolas ou Lingua e Literatura Inglesas no 6% dos casos (oito estudantes en ambos casos). Canto ao tipo de actividade laboral que lles gustaría realizar unha vez rematada a carreira, o 74% sinala a docencia en linguas e literaturas no ensino secundario, o 43% a tradución como actividades destacadas.

Resumo

O alumnado que accede ao título faino maioritariamente por vocación, como se deduce tanto dos datos de matrícula como dos resultados das enquisas realizadas entre alumnos que acceden ao GLE por vez primeira. Trátase de estudantes procedentes sobre todo do Bachelato e con boas cualificacións nas PAAU, interesados polo estudo das linguas e a lingüística, por aprender linguas e con afección pola literatura. Por outra banda, as materias de Lingua e Literatura do GLE atópanse entre as máis demandadas polo estudantado entrante a través de programas de mobilidade. O mantemento desta demanda é incerto hoxe, cando estamos inmersos nunha pandemia dunha magnitude sen precedentes. Con independencia da importancia actual do español como lingua estranxeira e dos estudos de español.

A opinión do PDI que participou na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida sobre os estudantes de novo ingreso reflíctese nunha das preguntas da enquisa (aínda que a formulación resulta bastante estraña): “Penso que en xeral, o meu alumnado está satisfeito co meu labor como docente. O nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontarse aos contidos da materia”. A valoración do profesorado sitúase sempre por riba de 3 no histórico dos cinco cursos pasados, e no curso 2018-19 a media foi de 3,72 sobre 5, un valor que pode considerarse satisfactorio. Como se pode comprobar, a pregunta mistura dúas cuestións non moi relacionadas entre si. Neste punto centrámonos na segunda parte do ítem, mais cos cambios que presenta, tras a suposta mellora da enquisa, non é tan claro e tan directo o dato.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As diferentes normativas e regulamentos aprobados en cursos anteriores e recollidos nos correspondentes informes de seguimento e/ou renovación da acreditación dos títulos, tanto as xerais da USC, como as particulares da Facultade de Filoloxía, aplicáronse de forma axeitada durante o curso 2018-2019 e tiveron un impacto positivo nos resultados do título, a xulgar polos datos relacionados cos resultados, que se comentan máis abaixo nos apartados 7.1. e 7.2.

Durante o curso 2018-2019 aprobouse a Modificación do Regulamento de intercambios interuniversitarios de estudantes (aprobado no Consello de Goberno do 18/07/2019 e publicado no taboleiro electrónico da USC o 12/09/2019). Non entrou en vigor ningunha outra normativa ou regulamento de relevancia na Universidade nin na Facultade para o desenvolvemento dos títulos de grao ou mestrado.

Con data de 28 de febreiro de 2019 quedou aprobado o *Regulamento de Réxime interno do Departamento de Lingua e Literatura españolas, Teoría da Literatura e Lingüística xeral*, no cal están comprendidas as Áreas de coñecemento nucleares do Título. No documento non está mencionada nin a Comisión do Título do Grao nin a Coordinación do GLE, un dato que evidencia claramente que estes órganos, o Departamento e a Comisión de Título do GLE (CTGLE), traballan en paralelo, cunha engorrosa duplicación de cometidos en certas ocasións e con definición pouco clara de certas tarefas, que non sempre están ben delimitadas. Non se pode afirmar que esta indefinición na separación de cometidos sexa impedimento para a eficiencia nos resultados do título, mais convén deixar constancia neste informe de que nun título como o do GLE conta cun Departamento no que está comprendido o grueso do PDI máis relevante, nas Áreas de coñecemento que son o eixe da titulación, de xeito que se detecta unha certa interferencia entre funcións. A comunicación co PDI e co Equipo decanal faise, pois, en ocasións, redundante e gravosa. Un exemplo foi no curso 2018-19 a proposta de oferta de prazas e criterios de admisión: foi feita na CTGLE, pero o Equipo Decanal (ED) considerou que sería axeitado que a Coordinación do Título solicitase do Departamento un informe favorable/desfavorable (22/01/2019), que lle foi enviado ao ED.

Como é sabido, a partir do curso 2018-19 aplicáronse os novos criterios de avaliación e certificación das enquisas de

satisfacción do alumnado coa docencia recibida e pasáronse os cuestionarios reformulados (información do 08/10/2018, da Área de Calidade e Mellora dos procedementos a partir do acordado na Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno, consultable en <https://www.usc.gal/gl/servizos/calidade/satisfacciongrupos.html>). As novidades teñen como consecuencia que non sexa posible establecer unha comparativa eficiente entre cursos, pois os ítems dos cuestionarios son diferentes.

Polo demais, non entrou en vigor ningunha normativa ou regulamento destacable para un desenvolvemento axeitado do GLE.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución pública, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Información obxectiva, suficiente e actualizada para tódolos grupos de interese

A información xeral da Universidade, e a específica do Grao, é suficiente e relevante, e está accesible para todos os grupos de interese coa conveniente actualización a través da web da Facultade de Filoloxía e mais a da USC. No curso 2018-19 solicitouse da Coordinadora a actualización dos textos referidos á información da titulación en galego, castelán e inglés (enviados ao Decanato o 12/04/2019); esta información está agora accesible na web de [titulacións de Grao da USC](#) (coa última actualización do 28/11/2019). A respecto da web da USC, é ben sabido que xa no curso 2018-19 empezou o proceso de mellora no deseño e no contido. O certo é que hai información duplicada e os itinerarios para atopar os datos non resultan sempre claros. En concreto estamos a ver problemas no feito de que o acceso á programación das materias vai por un camiño e a visualización das guías docentes faise por outro, que non está cruzado cos horarios das materias nin os do profesorado. Unha mellora efectiva desta dispoñibilización e do acceso resolvería dúbidas e incoherencias: a información é obxectiva, suficiente e está actualizada, mais non é doado atopala. Como é ben sabido, esta cuestión queda fóra das atribucións da Coordinación do Grao.

Valoración da información nas enquisas ao alumnado e as persoas egresadas

A enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación foi cuberta só por 2 estudantes (1 en Santiago e 1 en Lugo), en conxunto o 2,02% da titulación. A participación é moi escasa e empeora con respecto ao curso anterior (no que fora do 20,65% da titulación). Nos resultados dispoñibles a propósito do apoio ao alumnado —orientación ao alumnado— a valoración é moi boa —de 4 ou máis sobre 5— en cinco dos sete ítems, máis baixa no que afecta á información dispoñible sobre a titulación (3) e baixa na orientación profesional e laboral recibida no centro (valorada só cun 2). Globalmente os valores están por riba da media dos Graos da USC, iso si. No relativo aos aspectos formativos, os horarios parecen axeitados (4,50), mais o resto dos ítems teñen unha valoración media ou baixa: o equilibrio entre contidos teóricos e prácticos, así como a satisfacción xeral reciben 3,50, a organización xeral da titulación recibe un 3 e a distribución da carga de traballo, o calendario de probas e a oferta de práctica quedan nun 2,50 e 2. Nos comentarios e suxestións apúntase a conveniencia de ter materias anuais e, sobre todo, maniféstase unha queixa polo calendario de exames, xa que se xuntaron en pouco tempo.

Só unha persoa egresada cubriu a enquisa de satisfacción (o curso anterior foran 4). Os resultados son bos e están por riba da media global. Especialmente positivo é todo o referido a recursos e servizos (valorado con 5/5), mentres que o único ítem valorado negativamente é o da formación práctica, ao que se lle outorgou un 2/5.

Á vista da información obtida, convén reflexionar en dous sentidos: 1) a representatividade dos datos extraídos dunha única enquisa, se non nula, pode ser considerada case nula; 2) moi probablemente a reticencia á participación

débese, ademais das múltiples enquisas que estamos a cubrir constantemente, á pouca confianza que sinte o alumnado en que a súa opinión será tida en conta e, o que é máis importante, poderá servir para facer cambios operativos. En efecto, un dos comentarios abertos exprésao literalmente con estas palabras: "Non son eu soa que o penso senón moitos compañeir@s os que estamos moi descontentos con esta situación. Agardamos melloras e agardámolas axiña, tendo en conta que existe un mes enteiro para repartilos [os exames] como é debido e como fan todas as facultades. Espero se teña en conta este comentario". A queixa se debía ao calendario de exames, un dos puntos máis conflictivos na nosa Facultade, pois non se logra acadar unha fórmula satisfactoria para todos os grupos implicados.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como cada curso, no 2018-19 seguíronse desenvolvendo, segundo o establecido, todos os mecanismos para a recollida de información, análise, detección de debilidades, proposta de accións de mellora e o seu seguimento en relación co título.

A Comisión do GLE e a Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía fixeron o seguimento do desenvolvemento e mellora do título (véxanse as actas correspondentes), cun calendario de reunións ordinarias e extraordinarias axeitado. A composición das comisións, a do GLE e a de Calidade, é accesible a través da web da Facultade, no [apartado de Calidade](#), e foise actualizando cando correspondeu.

A información recibida desde a ACMP foi complementada, en especial no que se refire á satisfacción dos grupos de interese, con dúas enquisas realizadas desde a Facultade:

- a) Análise do perfil de ingreso e dos procedementos para a captación de alumnado: enquisas ao estudiantado de primeiro curso do grao coa finalidade de coñecer a súa procedencia xeográfica, os seus intereses e motivacións para cursar un grao na Facultade etc. Grazas a esta información pódense orientar máis axeitadamente as campañas de captación de alumnado. (Véxase o [Informe estudantes de novo ingreso S.pdf](#) na E13 da Listaxe de evidencias e indicadores final deste Informe de seguimento)
- b) Análise do proceso de elaboración e defensa do TFG: enquisas ao estudiantado que defende o seu TFG para recoller información sobre a súa satisfacción cos resultados e co procedemento en xeral (titorización, avaliación etc.). (Véxase a [Enquisa de satisfacción co TFG S.pdf](#) na E13 da Listaxe de evidencias e indicadores final deste Informe de seguimento)

O esforzo continuo que se fai desde a Facultade e desde a Coordinación do Título para contribuír a un aumento na participación nas enquisas que se distribúen desde a ACMP continuou no curso 2018-19. O centro procura contribuír a un aumento na participación na enquisas de satisfacción distribuídas pola ACMP a través de anuncios (información sobre o proceso de avaliación e as datas das enquisas) na pantalla informativa na entrada da facultade, letreros, así como mensaxes de correo electrónico á lista de distribución do profesorado. Desde a Coordinación do título empregouse o Campus virtual para difundir puntualmente información e documentos a profesorado e alumnado implicado no GLE a través das aulas de coordinación. A información sobre procesos de avaliación a través de enquisas de satisfacción foi sempre transmitida por estes medios. Nos procedementos de

coordinación coa Facultade de Humanidades no Campus de Lugo, seguiu-se o establecido nos procesos comúns, xa que o SGIC marco da USC garante que todos estes procesos se leven a cabo de maneira coordinada.

Os procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes e de queixas e reclamacións —incluída a caixa de suxestións, queixas e felicitacións, que fora activada en febreiro de 2018— desenvolvéronse na súa totalidade consonte o establecido no SGIC e a normativa correspondente. No curso 2018-2019 recibíronse no Decanato unha queixa e unha reclamación. A queixa, referida aos criterios de avaliación dunha materia, foi tramitada e informado o profesorado responsable da materia. A reclamación referíase as cualificacións obtidas e non se admitiu a trámite atendendo ao establecido no apartado 3 do artigo 9 da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e da revisión de cualificacións*, aprobada polo Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011.

A Oficina de Análise e Reclamacións informa, na memoria do curso 2018-2019, de que se presentaron cinco recursos: os cinco recursos son de estudantes de grao. Os asuntos que motivaron estes recursos teñen que ver principalmente cos procesos de matrícula, validacións, adaptacións e recoñecementos. Admítíronse a trámite os cinco recursos: dous estimáronse e tres desestimáronse. Canto a queixas e suxestións, presentáronse setenta e unha (sesenta e oito de títulos de Grao, unha do Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada e dúas de PDI). Cómpre destacar aquí as 68 suxestións presentados polo estudiantado de grao, que están motivadas polo proceso de simultaneidade de estudos: o alumnado e profesorado da Facultade de Filoloxía asinante solicitaba que se modificase a convocatoria de matrícula para permitir iniciar un mestrado ao mesmo tempo que un novo maior (sempre que se teña xa superado un minor doutra das titulacións de Filoloxía). Neste caso, tendo en conta que a matrícula dun maior é un suposto de inicio de estudos dunha nova titulación e que a suma dos créditos ECTS do maior e do mestrado excederían da dedicación necesaria dun alumno durante un curso académico completo, non se considerou pertinente a modificación da convocatoria de matrícula para o curso 2019-20, polo que as 68 suxestións foron desestimadas.

As tres queixas de alumnos de grao teñen que ver cos procesos de matrícula, devolución e acreditación do nivel B1 foron estimadas. A queixa do Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada está relacionada coas prácticas externas foi desestimada.

Cómpre retomar aquí, para cerrar este apartado, a reflexión xa apuntada máis arriba ao final do apartado 2.1. Os múltiples esforzos que se veñen facendo para contribuír a un aumento na participación non están obtendo o resultado esperado, alomenos non en todos os grupos de interese. O certo é que a insistencia en invitar a participar pode ter como consecuencia un rexeitamento, pois recibimos tal cantidade de mensaxes do campus virtual, máis en determinados momentos do curso, que con frecuencia desatendemos a súa lectura. Pensemos que o alumnado do último curso, por exemplo, ten que cubrir enquisas por cada docente, polas prácticas, polo TFG, pola titulación etc. Parece claro que só as persoas moi responsables e moi satisfeitas ou precisamente as moi descontentas atenden a todas estas enquisas.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O seguimento do título fíxose no curso 2018-19, igual que o resto de títulos adscritos á Facultade de Filoloxía, segundo o calendario establecido pola USC. O informe do GLE elaborouse ao longo dos meses de febreiro-marzo e foi aprobado na Xunta de Facultade do 15/03/2019. Nesa data foron aprobados os informes de seguimento, coa excepción do do Grao en Filoloxía Clásica (non se presentara ningún documento na reunión da Comisión do Título o 13/03/2019 polo que a aprobación tivo que adiarse á reunión ordinaria da Xunta de Facultade do 30/04/2019). Na Xunta de Facultade do 15/03/2019 aprobouse tamén o Informe de Renovación da Acreditación do Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos. Na Xunta de Facultade do 15/02/2019 aprobáronse a Declaración de intencións para a proposta dun novo título de Máster en Ensino de español como lingua estranxeira e a

Oferta de novas materias específicas para estudantes de intercambio. A Memoria de Calidade do curso 2017-18 e o Plan de Melloras 2018-19 a nivel de centro, foron elaborados pola Comisión de Calidade do Centro e aprobados en reunión extraordinaria celebrada o 26/06/2019. A aprobación foi ratificada na mesma data pola Comisión Permanente da Xunta de Facultade de Filoloxía.

O Informe de seguimento do GLE e a Memoria de Calidade do Centro correspondentes ao curso 2017-18, e tamén os anteriores, son públicos e están dispoñibles [na web da Facultade](#), o cal permite a todos os grupos de interese acceder a esta documentación e contribuír á reflexión e á mellora do título.

3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante o curso 2018/2019, realizáronse os traballos de revisión e mellora dos documentos seguintes: *Manual de Proceso da Facultade de Filoloxía* e *Manual do Sistema de Garantía da Facultade de Filoloxía* (modificación do Sistema de Garantía de Calidade co fin de simplificar e mellorar a súa operatividade, véxanse as características da modificación no Informe de seguimento 2017-18). Foron aprobados pola Xunta de Facultade de Filoloxía o 27/02/2020.

Elaborouse un novo Regulamento de Réxime Interno. A Comisión nomeada a tal efecto pola Xunta de Facultade na súa sesión de 30/05/2017 realizou os traballos de revisión, actualización e mellora do devandito documento, que foi aprobado no Consello de Goberno o 07/02/2020.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Cualificación do profesorado

O volume de profesorado acreditado seguiu sen cambiar de situación, precisamente as convocatorias están a reactivarse no momento de redacción deste informe (maio-xuño 2020), polo que o vindeiro curso sumaremos na titulación dous novos profesores titulares (agora contratados doutores). O grao non contou tampouco con novas incorporacións, debido a que as opcións de convocatoria de prazas foron nulas. Xa que logo, no referente á cualificación do profesorado non houbo en 2018-19 apenas cambios respecto ao informe do curso anterior. A porcentaxe de **PDI doutor** que impartiu docencia no título foi do 87,22% no curso 2018-19, un valor que se mantén máis ou menos estable, con moi lixeiras modificacións, desde o curso 2013-14, segundo os datos de que dispoñemos. A taxa de **PDI funcionario** con docencia no GLE mantense dende 2013-14 por riba do 70%, malia as restricións aplicadas nos últimos anos á taxa de reposición. No curso 2018-19, foi do 70,68%, lixeiramente inferior á do curso anterior.

Canto á **capacidade investigadora** do persoal docente do título mantén a boa saúde, con repercusión na calidade do ensino. Apréciase na existencia de numerosos grupos de investigación de referencia competitiva no seu ámbito, na captación de financiamento autonómico, nacional e internacional para proxectos e, tamén, no número de sexenios. No curso analizado, 2018-19, a taxa de persoal docente e investigador do título con sexenios alcanza unha media do 83,48% nos dous grupos de docencia: a excelencia acadada en 2016-17 (88,65%) vai diminuíndo paulatinamente conforme van sucedéndose as xubilacións do PDI, que como é sabido se atopa cada vez máis envellecido e sen reposición polo de agora. Os datos actualizados do PDI que imparte docencia no título demostran que en Santiago os 36 docentes implicados (inclúense só as categorías que poden ter experiencia investigadora recoñecida, «sexenios») acumulan 104 tramos de experiencia investigadora, o que equivale a unha media de case 2,9 por cada un deles. En Lugo a media é de preto de 1,6 por profesor (39 sexenios totais por 25 docentes).

Por último, a **experiencia docente do PDI** do título continúa a ser excelente, pois os 36 profesores que en Santiago poden ter experiencia docente recoñecida («quinquenios») acumulan un total de 180 tramos, o que supón unha media de 5 quinquenios por docente. No caso de Lugo, os 25 incluídos no cómputo teñen en conxunto 111 tramos de experiencia docente (4,4 quinquenios por docente). Na docencia das **materias de primeiro curso** interveñen profesores con ampla experiencia docente, particularmente catedráticos e titulares. Só a xeito de exemplo, pode mencionarse que, como en cursos anteriores, no curso 2018-19 houbo en Santiago, entre o

profesorado responsable das materias *Lingüística 1, Lingua española 1, Gramática española 1 e Literatura española medieval*, profesores catedráticos. Trátase de materias moi complexas, especialmente as dúas primeiras, transversais, que requiren a intervención de varios docentes por mor da existencia de diferentes grupos expositivos e interactivos. A axeitada distribución de docencia en momentos determinantes para a obtención de resultados óptimos na aprendizaxe compróbase tamén na titorización de Traballos de Fin de Grao. En 2018-19 foron tutelados por 7 catedráticos con 34 tramos de investigación e 42 de docencia, así como por 9 titulares, con 31 e 46 respectivamente. A eles sumáronse 7 contratados doutores (6/28 tramos) e 1 investigadora con contrato posdoutoral da Xunta de Galicia.

Distribución da docencia

A distribución da docencia é coherente co peso porcentual que corresponde ás distintas categorías docentes. No caso de Santiago, obsérvase que de 55 profesores totais o 18,18% son catedráticos (10) e asumen o 20,63% das horas docentes totais. O 29,09% son titulares (16) e imparten o 39,06% das horas. Finalmente, o 18,18% son contratados doutores (10), que se responsabilizan do 25,63% da docencia. En canto ao profesorado de Lugo, o 7,41% (2) son catedráticos, co 12,41% das horas; o 55,55% (15) son titulares, co 61,48% da docencia; e o 18,52% (5) son contratados doutores, co 10,35% da carga docente. Como é sabido, a titulación se atopa en proceso de recesión no grupo de Lugo, motivo polo que xa no curso 2018-19 houbo docentes que exerceron o seu labor docente a cabalo dos dous campus. A previsión é que nos vindeiros cursos o cadro docente de Santiago se nutra do profesorado aínda adscrito ao campus de Lugo, de xeito que se minimize a perda que están a supoñer as continuas baixas por xubilación que estamos a experimentar.

Os valores medios de estudantes por grupos de docencia son axeitados e axústanse tanto ás previsións establecidas na memoria de verificación como á programación académica anual da USC. Loxicamente, e por mor das características diferentes dos grupos de Lugo e Santiago, o primeiro deles ten unha matrícula moito máis reducida, o que trae consigo a existencia dalgunha diferenza nas medias dos grupos de docencia expositiva e interactiva entre eles. Non obstante, en ambos os casos os recursos abundan para unha axeitada atención ao alumnado. No curso 2018-19 a media de estudantes en materias de formación básica nos grupos de docencia expositiva foi no GLE de 43,21 e de 23,65 na docencia interactiva. Os datos son, como é natural, máis relevantes en Santiago (56,02/27,01), onde aumentaron sensiblemente respecto ao curso anterior, mais se manteñen nuns límites razoables. Parece indubable que o aumento reflicte a presenza numerosa de alumnado procedente de programas de intercambio.

Programa de formación e innovación docente do profesorado da USC

A participación do PDI implicado no GLE en cursos de formación e innovación docente reduciuse no curso 2018-19 en comparación cos cursos precedentes. A porcentaxe de participación foi do 18,66% na Facultade de Filoloxía (no curso anterior fora de 26,72) e do 22,22 na Facultade de Humanidades (o curso anterior 35,71). É natural que estes valores fluctúen dun curso ao outro, pois por unha banda a oferta do [Programa de Formación e Innovación Docente](#) da USC adoita repetir os cursos que teñen máis demanda e, por outra, o profesorado pode quizáis considerar implicarse na formación en cursos alternos. Os datos que temos se refiren só a Santiago e cremos que son positivos, pois o PDI mantén o interese na formación con independencia da sólida e prolongada experiencia docente coa que conta. Os datos de satisfacción do profesorado coas actividades formativas desenvolvidas son tamén positivos, segundo a análise global ofrecida pola ACMP, con valoracións que superan sempre o 4 nunha escala comprendida entre 1 e 5: en 2018-19 a cifra alcanzou un valor medio de entre 4,11 e 4,54. O ítem de satisfacción máis baixa, 4,11, foi o relativo á afirmación "Vou poder aplicar os contidos do curso o meu labor docente", o cal nos leva a pensar nunha desafortunada distancia entre o que querería desenvolver o PDI participante nas súas clases e o que realmente pode acadar. A satisfacción xeral é do 4,29, un valor moi positivo, e máis do 90% das persoas participantes recomendarían a formación a colegas.

Na Facultade de Filoloxía tivo lugar unha sesión informativa impartida polo persoal da empresa Einfo sobre o funcionamento da nova pantalla intelixente situada na aula B10 (06/09/2018).

Mobilidade docente, visitantes, actividades de difusión e investigadores en formación

No curso 2018-19 participou en programas de **mobilidade docente** o 7,41% do profesorado do título no campus de Santiago, taxa que evidencia unha moi boa participación deste tipo de actividade, pois ocupa o primeiro lugar nos Graos da Facultade de Filoloxía e, sobre todo, mellora con respecto ao curso anterior (4,08% no 2017-18). No caso do campus de Lugo, faise tamén perceptible a participación do PDI en programas de mobilidade docente, pois a taxa de 2018-19 alcanzou o 3,70%.

Ofrécese a continuación información xeral da Facultade de Filoloxía correspondente ao curso 2018-19.

1. Mobilidade do profesorado

Ao longo do curso 2018-19 tiveron lugar unhas 285 accións de mobilidade do PDI do centro (inferior aos cursos anteriores: 2014-15: 425; 2015-16: 430; 2016-17: 426; 2017-18: 385): A maior parte das accións realizadas (230) gardan relación coa formación e coa investigación (asistencia a xornadas e congresos, estadias de investigación etc.). Asistencia a reunións de organismos de avaliación, tribunais de teses de doutoramento etc.: 55 accións.

2. Profesores/as e investigadores/as visitantes

Durante o curso 2018-19, a Facultade acolleu a un total de 16 visitantes, procedentes de universidades de Alemaña, Arxentina, China, República Checa (...), así como doutras universidades galegas e españolas. Estas visitas desenvolveron actividades de investigación e docencia.

3. Actividades de difusión da actividade investigadora celebradas na Facultade

Durante o curso 2018-19 celebráronse na Facultade un total de 82 eventos (case o dobre do curso anterior), entre congresos e simposios (varios deles de carácter internacional e coa participación de numerosos investigadores estranxeiros), seminarios, conferencias, cursos e xornadas, algúns deles deseñados como actividades formativas para estudantes de grao e posgrao e outros dirixidos á formación continua do profesorado e do persoal investigador en formación.

4. Incorporación de persoal investigador en formación

Durante o curso 2018-19 a Facultade incorporou ao seu persoal en formación 6 novos contratados e contratadas predoutorais a través dos diferentes programas de captación en convocatorias competitivas nacionais (FPU, FPI) e autonómicas (Axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan Galego).

Cómpre sinalar a posta en marcha, de forma experimental, do novo Rexistro de Actividade Docente con data do 01/04/2019.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exigido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na liña do sinalado nos informes de seguimento dos cursos anteriores, o cadro de Persoal de Administración e Servizos (PAS) da Facultade de Filoloxía e da Facultade de Humanidades é suficiente para atender as necesidades fundamentais dos centros. No mes de febreiro produciuse a baixa por enfermidade do Responsable Administrativo do Departamento de Filoloxía Clásica Francesa e Italiana. Durante o período da baixa o posto foi cuberto por un contrato de substitución; no mes de decembro o responsable deste posto xubilouse e, como consecuencia desta xubilación, un dos postos administrativos da Unidade destinado na Secretaría do Decanato pasou a ocupar, provisoriamente, o posto de Responsable Administrativo do Departamento de Filoloxía Clásica Francesa e Italiana. No mes de abril produciuse a baixa por enfermidade, que continúa na actualidade, do posto da Secretaría do Decanato. Este posto está cuberto con un contrato de substitución. Ao igual que en anos anteriores a Facultade reitera a necesidade dun/dunha técnico informático/a que se encargue do mantemento do equipamento técnico, tanto informático coma audiovisual, de apoio á docencia instalado nas aulas, seminarios, aulas de informática, salas de videoconferencia e laboratorios de idiomas, así como de apoio técnico para a incorporación de novas tecnoloxías a usos docentes. A Facultade segue a reclamar a necesidade duna persoa destas características.

No referente ás enquisas de satisfacción, no curso 2018-19 na **Facultade de Filoloxía** os valores están na meirande parte dos casos por riba da media global e melloran lixeiramente con respecto aos do curso anterior. Neste grupo de interese hai que destacar a escasa participación, quizais debido ás baixas por enfermidade antes mencionadas: só se cubriron 4 cuestionarios, o 33,3% (frente ao 46,2% no curso 2017-18 e ao 57,7% do curso 2016-17). A satisfacción

global non é excelente, pero si boa. Respecto aos resultados de anos anteriores e a media global, cabe sinalar un ascenso nos items de "Comunicación", "Espazos e recursos", "Formación" e "Satisfacción". Mantéñense practicamente iguais a anos anteriores os items de "Dirección da Unidade" e "posto de traballo". Obsérvase unha pequena baixada no apartado "Implicación na mellora". Na **Facultade de Humanidades** a participación é igualmente escasa, só se cubriron dous cuestionarios dun universo de seis persoas (o cal supón o mesmo 33,33%, que neste caso se mantén estable dende hai tres cursos). A satisfacción global é algo máis baixa que en Santiago, mais ambos centros ofrecen unha situación similar: 3,75 en Santiago e 3,50 en Lugo. Parece que este problema da participación non é exclusivo do alumnado, como xa vimos comentando.

A participación de todo o PAS da USC en actividades formativas, segundo o informe da ACMP, foi en 2018 máis elevada que en anos anteriores (55,89, fronte a 44% de 2017 e 33% de 2016), en especial en Lugo, onde a porcentaxe de PAS que realizou algún curso foi en 2018 do 100%. A valoración da satisfacción coa formación recibida mantense en bos niveis, cun 7,84 (sobre 10). Case un 90% recomendaría o seguimento do curso.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento, ...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado, ...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:

En conxunto as infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas nos dous centros nos que se desenvolve o título. Destacamos os fondos bibliográficos e recursos documentais, que son suficientes e están en actualización permanente.

Resúmense de seguido datos referidos ás actuacións e melloras a nivel da Facultade de Filoloxía correspondentes ao curso 2018-19. Estes datos complementan ou actualizan a información dos informes de seguimento e renovación da acreditación dos cursos anteriores referida a diversos ámbitos: espazos, biblioteca, equipamentos e infraestruturas docentes, campus virtual, accesibilidade e prevención de riscos e servizos de orientación e atención ao estudantado.

Biblioteca

Datos de 2018-19 proporcionados pola dirección da Biblioteca da Facultade:

2018

- Total de títulos de monografías: 163.476
- Total de volumes de monografías en papel (a 31/12/2018): 202.355
- Volumes de monografías en papel ingresados en 2018: 1.656
- Títulos de publicacións periódicas en papel: 2.737

- Títulos de publicacións periódicas en papel en curso de recepción: 396
- Volumes prestados no centro: 50.692
- Volumes de Filoloxía prestados na BUSC: 47.456

2019

- Total títulos de monografías: 165.179 Total volumes de monografías en papel: 205.151
- Volumes de monografías en papel ingresados e informatizados durante o ano: 1.816
- Títulos de publicacións periódicas en papel: 2.640
- Títulos de publicacións periódicas en papel en curso de recepción: 180
- Volumes prestados no centro: 49.109
- Volumes prestados na BUSC: 46.033

Equipamento e infraestruturas

Durante o curso 2018-19 as melloras máis significativas (renovación de equipamento informático, adquisición de mobiliario, acondicionamento e mantemento dos espazos) obxecto de informe son as seguintes:

- Substitución de canóns e de pantallas de proxección en aulas e seminarios de docencia
- Adquisición de ordenadores para a docencia
- Acondicionamento do Salón de Graos
- Obras de reparación de problemas de filtración de auga
- Substitución parcial das cadeiras dos despachos de PDI
- Acondicionamento do despacho PDI ad honorem na Biblioteca
- Adquisición de estantes (almacéns departamentos)
- Instalación de puntos de acceso adicionais para cobertura wifi
- Colocación de estores nalgunhas aulas e nos andares dos despachos
- Substitución de varios cristais (biblioteca, corredores, despacho vicedecanato), que sufriran actos vandálicos denunciados na Comisaría de Policía en 2016.

Servizos propios da Facultade de Filoloxía de orientación e atención ao alumnado

A política activa de orientación e atención ao estudiantado que se viña desenvolvendo dende había anos por medio de accións a distintos niveis cristalizou nun Plan de Acción Titorial (PAT) aprobado no curso 2016-17. Resumo das actividades desenvolvidas no ámbito do PAT durante o curso 2018-19:

a) Actividades de información e divulgación da oferta docente da Facultade:

a.1) Participación do PDI da Facultade en distintas actividades do programa *A Ponte entre o ensino medio e a USC* (datos extraídos da memoria [A Ponte entre o ensino medio e a USC 2018-19](#)):

- Charlas temáticas en centros de ensino medio de Galicia (sete membros do profesorado da Facultade deron un total de 29 charlas temáticas).
- Encontros na USC 2018-19. Celebrados en Santiago os días 12-13-14 de febreiro de 2019 cunha participación de 3567 estudantes de 68 centros de ensino secundario de toda Galicia. Con esta iniciativa os estudantes de ensino medio poden recibir información sobre os estudos nos que están máis interesados (contidos, saídas profesionais etc.) e visitar o centro onde queren estudar. A Facultade de Filoloxía participou activamente na organización do Percurso1 (Filoloxía e Ciencias da Comunicación, Ciencias Económicas e Empresariais, Ciencias da Educación e Traballo Social, Medicina e Enfermaría, Odontoloxía e Enfermaría, Xeografía e Historia e Filosofía), coa colaboración da profesora Teresa Sanmarco Bande, coordinadora do programa "A Ponte" na Facultade. A Facultade de Filoloxía recibiu a visita de 274 estudantes de Ensino medio, que foron atendidos por responsables do centro, os/as coordinadores/as dos títulos de grao e mencións, ademais da alumna titora.
- Participación de tres estudantes da Facultade de Filoloxía nas Visitas da USC aos Centros de Ensino Medio.

a.2) Participación o 01-05/04/2019 da Coordinadora do Grao en Lingua e Literatura inglesas, a profesora Susana Jiménez Placer, nas *XXVII Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional*, organizadas polo Concello da Coruña (presentación da oferta académica da Facultade a estudantes de Ensino Medio).

a.3) Distribución de material impreso sobre a oferta académica da Facultade (folletos, trípticos e marcapáxinas) en todos os centros de ensino secundario, públicos e privados, de Galicia (abril-maio de 2019). A nova edición (a 4ª) do folleto das titulacións de grao impartidas na Facultade recolle as modificacións realizadas nos plans de estudo.

b) Actividades de acollida e orientación a estudantes propios (a Coordinación do GLE participou en todas elas)

- b.1) Sesión de **benvinda** aos estudantes de novo ingreso (10/09/2018). Asistiron arredor de 300 estudantes.
- b.2) Xornada informativa sobre a **oferta de módulos complementarios e optativos** para o seguinte curso dirixida a estudantes de primeiro e segundo cursos (10/04/2019).
- b.3) Sesión informativa sobre o **TFG** para estudantes de cuarto curso (11/09/2018). Asistencia de 150 estudantes.
- b.4) Sesión informativa sobre as convocatorias de **programas de mobilidade** de estudantes, en concreto sobre o programa Erasmus+, dirixida a estudantes de segundo e terceiro cursos o 03/11/2018. Asistiron 98 estudantes.
- b.5) Sesión de benvinda e orientación para **estudantes de mestrados** (17/09/2018). Asistiron 15 estudantes.
- b.6) Sesión informativa sobre o programa de **prácticas externas** para os estudantes dos títulos de grao da Facultade (11/09/2018). Asistiron 40 estudantes aproximadamente.
- b.7) Longa Noite do TFG (1ª edición): xornada lúdico-formativa impulsada e coordinada pola profesora lectora de Alemán Sina Menrad, na que estiveron involucrados membros do PDI de todas as titulacións de grao da Facultade, con obradoiros variados para apoiar, impulsar e formar na elaboración e progreso no TFG. Tivo lugar o luns 25 de febreiro de 2019 en horario de tarde-noite (19:00-01:00h) con diversos obradoiros, un espazo de escritura, asesoramento lingüístico e outras disciplinas transversais, como teatro, yoga ou meditación. Participou alumnado de todos os graos da Facultade de Filoloxía e tamén dos mestrados, con grande éxito.
- b.8) **Actividades de formación para o TFG**: elaboración e defensa dos TFG "Deseña e redacta o teu TFG", 20 horas en liña (22/10/2018 e 09/11/2018); "Elabora presentacións eficientes do teu TFG", 10 horas presenciais (21/11/2018 e 28/11/2018).

c) Actividades de acollida e orientación a estudantes alleos: Actos de recepción dos estudantes procedentes da República Popular de China ao inicio de cada cuatrimestre (Vicerreitora de Internacionalización e membros do equipo decanal) (12/09/2018 e 30/01/2019). **Actividade formativa** dirixida ao estudiantado procedente de universidades chinesas: Curso sobre competencias básicas de lingua, historia e cultura (30 horas, dúas edicións: outubro-décembro 2018/febreiro-abril 2019), con cargo aos ingresos recibidos pola Facultade de Filoloxía procedentes do PATEX.

d) Empregabilidade e orientación profesional

Obradoiro de empregabilidade da Facultade de Filoloxía (26 horas):

- Taller práctico de técnicas de selección de persoal (setembro/outubro 2018)
- "Netiqueta, Xestióna a túa marca persoal na rede" (outubro 2018)
- "Prepara un currículum eficaz"(febreiro 2019)

Campus de Lugo

A Facultade de Humanidades foi tamén obxecto da visita de alumnado de Ensino Medio a través do programa A Ponte, nos xa consolidados "Encontros no Campus Terra de Lugo", os días 5 de febreiro, 7 de marzo e 12 de abril (tamén se fixo unha xornada *ad hoc* para un centro concreto o 31 de maio).

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados obtidos no curso analizado demostran o cumprimento do programa formativo, e tamén unha estrita adecuación ao nivel MECES. O seguimento permanente do título e os datos dispoñibles desde a súa implantación evidencian que o GLE pon a disposición dos seus estudantes un proceso formativo que culmina coa adquisición das competencias previstas na memoria de verificación.

Resultados nas materias de primeiro curso

Campus de Santiago

As porcentaxes máis altas de suspensos (S) e non presentados (NP) rexístranse nas materias do primeiro curso do grao. En xeral non parece que poida asociarse o fracaso a determinadas materias en particular, polo que as taxas máis elevadas de S e NP no primeiro curso están posiblemente relacionadas coas de abandono, que con todo melloraron no curso 2018-19 (véxase 6.2). Cómpre ter en conta, non obstante, que as porcentaxes de éxito máis baixas do primeiro curso constitúen un feito habitual, debido a factores como o cambio de ciclo, o necesario proceso de adaptación do alumnado a un novo sistema de estudo etc. Malia existiren algunhas que na serie histórica do GLE parecen implicar un maior grao de dificultade para os alumnos, non se pode deducir a existencia de problemas nin tampouco a necesidade de intervención ningunha. As que destacan no curso 2018-19 son, tamén polo contraste respecto ao curso anterior, *Lingua Inglesa 1*, cun 42,86% de S e *Lingua Inglesa 2*, cun 40% de S, *Lingua Galega 1 e 2* (30% e 18,52% de S respectivamente e 33,33% de NP no segundo caso). Obsérvanse melloras nos resultados en varias materias de primeiro respecto ao curso anterior, tanto en número de suspensos coma —en bastantes casos— na cantidade de non presentados: *Lingüística 1*, *Lingua Española 1*, *Teoría e Crítica Literarias*, *Lingua Española 2*, *Lingüística 2*. Se poñemos o foco na porcentaxe de non presentados, este dato adoita acompañar ao de suspensos como está comentado, mais nalgún caso, sumando os dous indicadores, a porcentaxe de estudantes que non superan a materia resultaría preocupante, de seguirse mantendo en niveis tan altos cada curso. Esta é a situación da *Literatura española medieval: Desde as súas orixes hasta o século XIV* (15,28% de NP e 18,06% de S), a *Lingua latina 1* (33,33% de NP e 6,67% de S) e a *Lingua latina 2* (30,77% de NP e 15,38% de S).

No resto de cursos cabe destacar unicamente unha materia por elevadas porcentaxes de suspensos e non presentado: a Fonética e Fonoloxía do español, unha materia de 2º curso, que ten moitos estudantes repetidores e vai acumulando curso tras curso unha bolsa de pendentos (24,29% de NP e 18,57% de S). A taxa de NP e S disparáronse nesta materia no curso 2015-16 e empeoraron no pasado. Unha causa probable desta situación é o feito de que se trata dunha asignatura repartida entre dúas profesoras dende o curso 2017-18 e outra pode ser, quizáis, o horario de clases, que contou sempre con franxas moi ao final da xornada matutina, co que tanto alumnado como profesorado chegan a elas con poucas forzas e coa capacidade de concentración moi minguada. No momento de redacción deste informe recomendouse desde a Coordinación do Grao que as horas totais desta materia se asignen a unha soa figura docente para o vindeiro curso, coa certeza de que este cambio favorecerá o equilibrio e a recuperación dunha taxa de aprobados máis axeitada.

Fóra dos casos comentados, en conxunto os resultados son satisfactorios. En consonancia con estes datos, nos valores asociados á taxa de éxito non se observan índices chamativamente baixos. Só nalgunhas materias da área de

Lingua inglesa coincide unha taxa de éxito do 50% ou menos, na *Lingua alemá 2* (só un 25%), así como na *Lingua galega*, en que non acada o 70%. Polo demais, en conxunto as variacións entre o curso 2017-18 e o 2018-19 son ascendentes —agás os casos comentados— co cal parece claro que non se precisa intervención neste sentido.

Campus de Lugo

No grupo de Lugo apréciase unha fluctuación ao longo dos cursos nos índices de suspensos que non parece seguir unha pauta clara. As porcentaxes máis altas de suspensos e non presentados non coinciden nas mesmas disciplinas en cursos sucesivos, polo que non resulta doado dar unha explicación á variación observada. Cando os valores non son do 100% de éxito —que o son na meirande parte dos casos—, globalmente vemos un empeoramento na comparación dos datos de 2018-19 cos do curso 2017-18, mais na tónica da fluctuación xa mencionada, o que leva a supoñer que é o alumnado dun curso concreto o que ten dificultades as veces. A taxa de éxito é baixa (57,14%) na *Gramática Española 1* e na *Fonética e Fonoloxía do Español*, está no 60% en *Lingüística 1* (83,33% no curso anterior) e en *Lingua inglesa 3*. Estas son as porcentaxes máis baixas de éxito por materias. Tendo en conta o percorrido histórico non parece que haxa problemas de aprendizaxe específicos en materias concretas, senón unha fluctuación natural nos resultados, debida quizáis a que algúns grupos de estudantes responden mellor ca outros.

Resultados na materia Traballo de Fin de Grao

O carácter particular da materia TFG ten interese especial, pois dá conta da idoneidade do proceso de aprendizaxe, con taxas de superación da materia moi elevadas. A taxa de éxito desta disciplina foi en Santiago do 94,44% no curso 2018-19, e do 92,85% en Lugo. Cómpre destacar, no entanto, a existencia de índices de «non presentados» elevados en Santiago: o 23,08% no curso 2018-19 (foron o 17,24% no 2017-18). A taxa de renuncia non foi tan elevada, do 7,69%. Estes datos reflicten, como xa se ten comentado noutros informes, a proporcionalidade inversa entre a renuncia e o número de non presentados. Como é sabido, a normativa de permanencia impide ao alumnado defender o TFG no caso de ter pendente algunha outra materia do plan de estudos; esta limitación leva quizais a non poucos titores a recomendar a renuncia, para favorecer que os esforzos do estudantado se canalicen cara ao éxito nas materias pendentes, e non tanto cara ao proceso de elaboración dun TFG que probablemente non se poida defender no último momento. Tendo en conta que só é posible solicitar unha vez a prórroga do traballo, a renuncia semella a mellor opción nalgúns casos. Pola contra, pode haber outros nos que se decide non renunciar, mais a dedicación ao TFG non resulta tan produtiva, en xeral debido a que hai que atender ás materias pendentes, polo que desafortunadamente a opción final é o non presentado. En Lugo a taxa de renuncias foi do 6,25%, máis baixa que en Santiago.

No grupo de Santiago foron defendidos, no curso 2018-19, 37 TFG, con resultados que confirman a adquisición das competencias descritas na memoria de verificación do título: tan só houbo tres suspensos: o 24,32% foi cualificado cun aprobado, o 37,83% cun notable, o 24,32% cun sobresaliente e o 5,40% cunha matrícula de honra. Tamén en Lugo se pode confirmar que o alumnado demostra ter adquirido as destrezas previstas, á vista dos resultados da avaliación dos 14 TFG defendidos o curso pasado e só un suspenso: obtiveron un aprobado o 35,71% dos TFG, un notable o 35,71%, un sobresaliente o 14,28% e unha matrícula de honra o 7,14% (véxanse os documentos E24: Listaxe TFG Santiago e Listaxe TFG Lugo, na listaxe de evidencias do Criterio 6, que contén datos de titores/as, título, e cualificación de cada TFG).

Valoración do programa formativo

A idoneidade da actividade académica desenvolvida pode valorarse a través das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (o cumprimento dos obxectivos do programa formativo explícase máis abaixo no apartado 7.2.). Destácanse de seguido algúns aspectos concretos relacionados coa aprendizaxe prevista e conseguida polo estudantado no curso 2018-19. A enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida constou no curso 2018-19 de 15 preguntas, que non podemos comparar directamente coas de cursos anteriores porque se cambiou a redacción. Non é posible, xa que logo, recurrir ao histórico de avaliación. A porcentaxe de participación na enquisa acada o 37% do alumnado en 2018-19 (42,47% en Santiago e 31,51% en Lugo), máis baixa ca a do curso 2017-18, no que fora do 42%:

- As mellores puntuacións refírense á atención dispensada polo profesorado, pois se puntuou cun 4,49 (4,44 en Santiago e 4,85 en Lugo) a pregunta *Resolve as dúbidas que se lle formulan?* e cun 4,42 os ítems *Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes?* e *A axuda recibida nas titorías foime de utilidade?*
- Excelente avaliación hai tamén nos ítems referidos á programación: *Cumpre o programa e o plan de traballo previsto?* acada un 4,35 e *O/A docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación?* acada un 4,30.
- As preguntas que reciben unha nota máis baixa (os índices adoitan ser sempre un pouco máis baixos en Santiago

que en Lugo) son: *O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma?* (3,95) e *Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación?* (3,99).

Como se pode apreciar, os indicadores de satisfacción son moi positivos en conxunto e, mesmo nos aspectos con puntuación máis baixa, supérase sempre o 3,95. A media da valoración global é dun 4,17 (sempre sobre 5).

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1. Demanda

No apartado 1.1. deste informe menciónase que as cifras relativas á evolución do número de estudantes de novo ingreso confirman o atractivo da formación ofrecida e o éxito de implantación do título. Como xa se apuntou, a significativa demanda de prazas obrigou a fixar un límite de 50 prazas en Santiago e 25 en Lugo desde o curso 2011-12 e ata o curso 2016-17 incluído (co aumento a 45 prazas ofertadas en Lugo no curso 2017-18). Apréciase unha demanda consolidada por parte dun perfil de ingreso que quedou comentado en detalle no apartado 1.4. deste informe. Os esforzos da Facultade de Filoloxía no traballo de captación seguen a ser óptimos, a xulgar pola resposta na demanda. No referente á Facultade de Humanidades, a desaparición progresiva do grupo de Lugo segue o seu curso, polo que as iniciativas destinadas á mellora na captación de alumnado para Lugo carecen de sentido no momento actual.

2. Resultados

- *Taxa de rendemento* (créditos superados con respecto aos matriculados). No curso 2018-19 a taxa de rendemento foi do 77,25%. Este valor coincide co obxectivo fixado na memoria de verificación, que era do 77%. No histórico deste indicador apréciase unha mellora paulatina desde 2014-15, un dato moi positivo.
- *Taxa de éxito* (créditos superados con respecto aos presentados). Este índice presenta un valor do 88,24%, o mellor na serie histórica desde 2013-14.
- *Taxa de avaliación* (créditos presentados con respecto aos matriculados). O valor no curso 2018-19 é do 87,55%, co que se recupera do lixeiro descenso que sufrira o curso anterior (86,27% no 2017-18).
- *Taxa de graduación*. A serie histórica evidencia flutuacións, mais o valor de 2018-19, 53,57% é máis alto que o dos dous cursos anteriores (44,62% e 48,08). A memoria de verificación establecía unha taxa de graduación do 60%, que o GLE só alcanzou no curso 2015-16, cando chegou ao 67,69%. Como xa se observaba nos informes anteriores, é posible que haxa que relacionar os valores baixos destes cursos recentes coa porcentaxe importante de «non presentados» da materia do Traballo Fin de Grao, xa comentada na valoración do criterio 6. Co fin de mellorar os resultados neste terreo, propuxéronse as accións de mellora asociadas ao informe de seguimento do curso pasado (AM-GLE-2 2018-19 e AM-GLE-3 2018-19), que buscaban coñecer máis en detalle os problemas dos estudantes, en particular dos do 4º curso, a través da coordinación de curso, e mellorar a información e seguimento na titorización dos TFG. Vemos que a taxa mellorou e coidamos que a atención máis detida ao estudantado matriculado no TFG siga a dar bos resultados.
- *Duración media dos estudos*. Observando a serie histórica vemos que a media de anos que o estudantado tarda en superar todos os créditos correspondentes ao plan de estudos vai medrando paulatinamente,

acercándose aos cinco anos, pois no curso 2018-19 foi de 4,92, o que resulta coherente coa análise feita sobre a taxa de graduación. Cada vez é máis frecuente que o TFG e as veces algunha materia pendente queden para un curso máis, nos mellores casos abarcando só un cuatrimestre. Mais a situación económica, que afecta moi duramente ás perspectivas laborais dos egresados, non é de axuda.

- *Taxa de abandono durante o primeiro curso.* O problema dunha elevada taxa de abandono persiste, pero si constitúe unha boa nova o feito de que este indicador diminúa claramente en 2018-19: 16,98% (frente a 28,57% do curso 2017-18). A AM-GLLE-2 (2018-19) promoveu unha comunicación máis detida no seo da coordinación de 1º curso, un feito que con toda probabilidade favoreceu a continuidade do alumnado.
- *Taxa de abandono RD 1393/2007.* Aínda que nos últimos anos se corrixiron lixeiramente as elevadas taxas dos primeiros anos, o certo é que seguen a ser elevadas e mesmo aumentaron: en 2018-19 alcanzaron a porcentaxe do 35,71%. A taxa de abandono que se recollía na memoria de verificación era do 20%, como vemos lonxe do valor reflectido o curso pasado.

3. Revisión e mellora

As accións de mellora propostas no Informe de seguimento do curso pasado, 2017-18, foron levadas a cabo e parece que se corresponden cunha certa recuperación positiva na taxa de graduación e na elevada taxa de abandono rexistradas no título. No primeiro indicador, as reflexións derivadas tamén doutros puntos deste informe, levan a propoñer unha implementación dos labores das coordinacións de curso e unha continuidade no relativo á atención ao apoio no desenvolvemento do TFG. Propóñense, xa que logo, dúas accións de mellora continuadoras das AM-GLLE-2 (2018-19) e AMGLL-3 (2018-19), respectivamente: AM-GLLE-1 (2019-20), que se centra nos aspectos referidos as coordinacións de curso e a AM-GLLE-2 (2019-20), que abundará na atención ao desenvolvemento do TFG. No relativo á taxa de abandono será tamén a comunicación derivada da coordinación de curso, neste caso en 1º, a que permita seguir obtendo unha mellora dos índices (AM-GLLE-1 2019-20). Véxase o detalle de análise, definición e descrición proposta para estas AA MM ao final deste documento.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Pódese afirmar que os indicadores de satisfacción son globalmente positivos en todos os colectivos analizados, particularmente no de estudantes e profesorado. Como xa se foi sinalando, a meirande parte das enquisas, a valoración supera as medias da USC, sobre todo no que respecta ás taxas de participación.

Xa foi comentado en varios puntos deste informe o feito de que a participación dos grupos de interese nas enquisas de satisfacción nunca é suficiente cando queremos que constitúan a base dunha valoración efectiva e, con frecuencia, a participación resulta demasiado baixa. Tamén se apuntou que a multiplicación de enquisas e a insistencia na invitación a cubrilas poden resultar contraproducentes, pois cada vez temos máis cheos os buzóns electrónicos e con frecuencia desatendemos as chamadas á participación, en especial no que se refire ás mensaxes procedentes do campus virtual. Inflúe negativamente sen dúbida neste aspecto o feito de que non temos na nosa sociedade unha cultura da crítica construtiva e da responsabilidade de expresar a nosa opinión e avaliar as actuacións nos entornos formativos e laborais. É posible, ademais, que unha parte do alumnado careza da madurez requerida para expresar a súa opinión de xeito construtivo. Cabe dar por suposta a satisfacción das persoas que non participan cubrindo as enquisas? Con frecuencia a resposta a esta pregunta é afirmativa, pois na nosa cultura só "opinamos" (= protestamos) cando percibimos que algo vai mal. Por último, tamén se mencionou máis arriba a percepción estendida de que cubrir as enquisas de satisfacción non serve para nada. É responsabilidade da coordinación do título demostrar que o Grao pode mellorar e que a opinión dos grupos de interese é importante para orientar esa mellora. Mais o camiño para mellorar a participación non se presenta como doado.

1. Estudantes do GLLE

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida é a expresión máis evidente dos bos resultados do título nos anos transcorridos desde a súa implantación. Xa vimos que non é posible compararmos os indicadores do 2018-19 cos

dos cursos anteriores, pois a enquisa cambiou. Percíbese que a situación é boa, pois case todos os valores se sitúan por riba do 4. Só obteñen menos desa valoración o referido á proposta de actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma (3,95) e a pregunta sobre se o profesorado consegue facer ver a relevancia da materia e o seu interese para a formación do estudiantado (3,99). Como xa se subliñou, a porcentaxe de participación segue a ser baixa (37,0). Os aspectos mellor valorados polo alumnado son os seguintes: a pregunta *Resolve as dúbidas que se lle formulan?*, cun 4,49 (4,44 en Santiago e 4,85 en Lugo) e cun 4,42 os items *Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes?* e *A axuda recibida nas titorías foime de utilidade?*; a avaliación é tamén excelente, como xa vimos, nos items referidos á programación: *Cumpre o programa e o plan de traballo previsto? acada un 4,35* e *O/A docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación? acada un 4,30*. En termos de valoración global da satisfacción dos estudantes, os resultados seguen a ser excelentes, cunha puntuación media de 4,17.

2. Estudantes matriculados no TFG

Coméntanse neste punto os resultados das enquisas de satisfacción dos estudantes co Traballo Fin de Grao na Facultade de Filoloxía (non nos constan datos similares relativos ao alumnado da Facultade de Humanidades de Lugo no curso 2018-19). Malia que a participación aínda non é alta e sería bo incrementala, os resultados son unha evidencia máis do cumprimento das previsións da aprendizaxe no GLE. No curso 2018-19 contestaron á enquisa 17 (11 en xullo e 6 en setembro) dos 37 estudantes que defenderon o seu TFG nas oportunidades de xullo e setembro. Comentamos de seguido polo miúdo cada un dos indicadores:

- **Reparto de horas.** A memoria do título adxudica 300 horas totais de dedicación ao TFG (12 créditos ECTS). Nos datos tirados da enquisa, no curso 2018-19 a meirande parte dos estudantes considera que a carga asignada foi correcta (13), só 4 consideran que precisaron máis horas, 15-10-10-10 horas máis nas sesións de traballo co titor, por exemplo. Máis relevante pode ser o dato sobre a tarefa de "Lecturas", na que 9 persoas consideran que o tempo dedicado a ela foi o correcto, pero 8 persoas indican que precisaron máis horas, ata 10(1)-120(6)-150(1) polo menos, anotan. Pódese concluír que, en conxunto, as horas dedicadas foron globalmente axeitadas para o 60% do alumnado, mentres que o 40% as considerou insuficientes, ben nas sesións de traballo co/a titor/a, ben nas lecturas, ben na preparación da exposición oral ou ben no traballo autónomo.
- Entre as posibles **actividades formativas** presenciais interesantes para elaborar o TFG, o alumnado segue a demandar as relacionadas coa xestión de recursos bibliográficos (13) e a presentación formal (citas, referencias bibliográficas, formatos...), como apuntan 14. Outra formación tamén demandada, mais en menor medida: a redacción de documentos (8), as técnicas de exposición oral (5), a procura de información en bases de datos (5).
- No que atinxe ao logro das **competencias desenvolvidas**, tanto as incluídas na guía docente da materia do TFG, así como as xerais e específicas da memoria do GLE, os valores medios sitúanse por riba do 4, sempre nun baremo comprendido entre 1 e 5. A percepción do alumnado sobre o desenvolvemento de competencias é, xa que logo, positiva en conxunto. Cómpre quizais salientar que a valoración é un pouco máis baixa nas competencias xerais recollidas na Memoria, nomeadamente na referida á habilidade no manexo de ferramentas informáticas e na habilidade para traballar en colaboración.
- Respecto á **dedicación do/a titor/a**, no curso 2018-19, 13 estudantes xulgaron suficiente o número de horas de dedicación do titor (3,5 lectivas e 6,5 de titorías son as previstas no regulamento) e só 4 o consideran insuficiente. Se cruzamos este indicador cos seguintes, onde sinalan cantas reunións tiveron e cantas veces contactaron por correo electrónico, apréciase certa incoherencia e, desde logo, a confirmación da insuficiencia das horas estipuladas, pois as reunións foron entre ningunha e tres para 2 estudantes, entre catro e seis para 5, entre sete e dez para 4 e máis de dez para 6 estudantes; por moi breves que fosen esas reunións parece indubidable que o tempo total superaría, alomenos para 15 estudantes, as horas contempladas. Se a isto sumamos a atención dispensada a través do correo electrónico, o tempo significativo de atención outorgada polos/as titores/as acrecéntase, xa que 12 estudantes recoñecen ter contactado en máis de dez ocasións. A conclusión que obtemos doadamente é a de que a dedicación do profesorado que titoriza os TFG supera amplamente na meirande parte dos casos o número de horas previsto, polo que é de esperar que o estudiantado o xulgue suficiente.
- Os resultados da enquisa no que atinxe á **información sobre o TFG proporcionada polo centro** melloran bastante respecto ao Informe de seguimento anterior, confiamos en que empecen a notarse o efecto dos esforzos feitos dende o Decanato e a Coordinación na distribución e exposición dos aspectos referidos ao TFG.

A información administrativa contida na web obtivo un 4,66 no curso 2018-19 (frente ao 2,94 de 2017-18); a utilidade dos documentos, de 3,93 (frente ao 2,66 do curso anterior); e as xornadas informativas sobre o traballo, de 3,33 (2,72 no curso anterior). Sen dúbida a AM-GLLE-3 (2018-19) planificada no Informe de seguimento anterior e desenvolvida no curso pasado foi efectiva.

- A valoración da **satisfacción global** do alumnado que realizou o TFG e participou na enquisa é moi positiva, só unha persoa valorou todos os ítems cun 1, sen dúbida saíu descontenta do acto de defensa, e outra só puntuou cun 2 estes ítems da satisfacción. O resto ofrece un panorama óptimo, sobre todo na valoración da relación co/a titor/a do traballo, cun 4,93, e a satisfacción global co sistema de avaliación empregado e coa realización do TFG son positivas (4,46 e 4,33 de media respectivamente). Menos destacada, aínda que tamén boa, é a satisfacción global coa información recibida, que acadou un 4 de media.

3. Estudantes que participaron en programas de mobilidade

A participación do alumnado de **mobildade saínte** nas enquisas de satisfacción foi do 66,67% no curso 2018-19, bastante superior ao anterior (o 33,33% no curso 2017-18). A satisfacción global expresada acadou unha nota de 3,75 (sobre 5). En termos xerais os valores obtidos polo GLLE superan a puntuación media da USC; cunha melloría nos resultados dos últimos anos dispoñibles, despois de 2015-16, no que acadara a valoración máis alta, un 4,20. En xeral, o nivel de satisfacción co programa de mobilidade e coa experiencia vivida é óptimo, de 4,75. Este dato non debe ocultar as valoracións baixas obtidas nalgúns dos ítems, que cómpre destacar: a preparación lingüística proporcionada pola USC (2,25), a utilidade do curso de idioma local realizado na universidade de acollida (2,33) reciben suspensos claros. A relevancia de ofertar cursos de linguas de calidade non está suficientemente apoiada polas institucións, que, como sabemos, os abordan con precariedade e desorganización (un factor común, segundo a opinión do alumnado ás universidades de procedencia e de destino). No aprobado xusto (2,50) están: as infraestruturas e materiais dispoñibles na universidade de acollida, a información previa dispoñible mediante a web da USC e a bolsa ou axuda económica recibida durante a estancia. Fóra do que afecta á universidade de destino, parece claro que a web da USC aínda debe mellorar a información que ofrece neste aspecto, coma noutros, e, sobre todo, facilitar a experiencia de búsqueda do alumnado. A axuda económica, que se foi reducindo cada curso, resultou apenas satisfactoria para o estudantado.

Os resultados das enquisas realizadas aos alumnos que participaron en programas de **mobildade entrante** son en conxunto positivas, aínda que a taxa de resposta acadou no curso 2018-19 tan só un 19,69% (con todo, mellora a do curso anterior, que fora do 14,45%). As 19 persoas que cubriron a enquisa da Facultade de Filoloxía cursaban estudos no GLLE. Apréciase a boa valoración xeneralizada, con medias de 3 ou 4 puntos en todas as preguntas. A valoración media da enquisa de satisfacción dos estudantes entrantes na Facultade de Humanidades é no curso 2018-19 de 3,67, a máis baixa dende 2013-14.

4. Egresados

Como xa se ten explicado máis arriba, no apartado 1.2. deste informe, os resultados das enquisas realizadas entre os egresados teñen unha validez moi dudosa, xa que a participación foi moi escasa, pois só 1 estudante cubriu a enquisa en Santiago e 1 en Lugo. Ademais, cabería deducir que foron precisamente as persoas menos satisfeitas quen sentiron a necesidade de deixar constancia do seu descontento nalgúns destes ítems (é o caso de a orientación profesional e laboral recibida no centro, que se considerou nula, do calendario de probas de avaliación, que nun caso pareceu nada razoable, e da oferta de prácticas, que non resultou nada atractiva a unha das persoas, a alumna da Facultade de Humanidades). Con todo, globalmente os indicadores mostran unha satisfacción aceptable, especialmente na alumna de Santiago que cubriu a enquisa. En Lugo catro ítems son valorados con 5, a puntuación máxima, dous con 4, tres cun 3 e dous cun 2 (aos que hai que sumar os 1 outorgados aos tres ítems destacados anteriormente). En Santiago, a satisfacción foi maior, pois non hai valores por debaixo do 3 e oito preguntas dun total de 14 se valoran con 4 e 5 puntos.

Con independencia destes resultados tan escasos, xa se mencionou máis arriba a eficacia da AM-GLLE-2 (2018-19) proposta no IS do curso anterior. As reunións entre coordinadores/as dos cursos e de cada coordinador/a co alumnado do curso correspondente leváronse a cabo sen incidencias e xuntáronse os resumos correspondentes. A información obtida deste xeito constitúe a base para a proposta da AM-GLLE-1 (2019-20), encamiñada a afianzar a coordinación nos cursos, tanto entre o profesorado implicado como entre alumnado de coordinador/a de curso. Este traballo máis detido no ámbito dos cursos será sen dúbida de axuda para involucrar aos grupos de interese máis afectados na mellora e facelos partícipes tamén de cara a obter a súa opinión nas enquisas de satisfacción.

5. Persoal académico

A valoración do profesorado do GLE testemuña unha boa satisfacción coa **docencia impartida** no curso 2018-19, cunha porcentaxe de participación do 31,04%, máis alta en Santiago (35,16%) que en Lugo (26,92%) (no curso 2017-18 fora do 39,21). A valoración media é de 4.19 nunha escala de 1 a 5. A valoración máis baixa (3.33 en Santiago) se corresponde coa titorización do TFG/TFM, unha tarefa moi esixente para o profesorado que, no entanto, non é recoñecida suficientemente pola institución. Como é sabido, os traballos académicos son considerados unha materia máis para o estudantado, pero non así para cada docente, pois recoñécense moitas menos horas de dedicación das reais. No resto dos casos, todas as preguntas obteñen valoracións por riba de 3,5, e deben salientarse aquelas que superan o 4, que son 7 preguntas dun total de 13: a existencia de recursos necesarios para a docencia no centro e a idoneidade dos servizos de apoio á docencia na Universidade (4,40); o interese por recibir formación de apoio á docencia (4,07); a organización das clases, información axeitada sobre avaliación, trato co estudantado e accesibilidade nas clases e titorías (4,54, 4,94, 4,76 e 4,95). En xeral, o profesorado que cubriu a enquisa está satisfeito co seu labor docente (4,31). Unha vez máis hai que comentar o feito de que a participación non chega nin ao 50%, haberá que preparar unha enquisa sobre os motivos de cada grupo de interese para non participar? Daríase, con toda probabilidade, o paradoxo de que non se obterían resultados abondo.

A **satisfacción do profesorado coa titulación** supera lixeiramente a media da USC, aínda que as taxas de participación —peores ca as do curso anterior— resultan baixas (16,25% en 2018-19, 19,23% en Santiago e 14,81% en Lugo). En conxunto todos os ítems relativos ao apoio á docencia teñen unha valoración superior a 4, mentres que os relativos a aspectos académicos superan sempre o 3, mais só tres de oito preguntas están valoradas por riba de 4. Entendemos que o profesorado aparentemente máis comprometido cos procesos de mellora de calidade está satisfeito coa titulación, aínda que, digamos, da un aprobado alto a algúns aspectos académicos. Quen responderon á enquisa ven equilibrio na titulación a respecto dos contidos teóricos e prácticos (4,16), cren que o alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada (4,00) e valoran a calidade docente da titulación nun 4,46. Os horarios poderían mellorarse (3,38), a carga de traballo podería distribuírse mellor (3,31) e a coordinación na organización do título tamén é susceptible de mellora (3,54). A cuestión dos horarios, xa está comentado máis arriba, é un aspecto no que resulta moi difícil satisfacer ao conxunto da comunidade universitaria e, en concreto na Facultade de Filoloxía, ao estar todos os cursos dos graos ubicados en horario matutino, a franxa horaria resulta demasiado prolongada. Á pregunta sobre se o calendario de exames é razoable se responde cun 3,70 —mellora a valoración respecto ao curso anterior— e a se en xeral a titulación está ben organizada, cun 3,93. O terceiro bloque de preguntas refírese ao alumnado e os valores son lixeiramente superiores ao resto dos Graos da USC, coa puntuación máis baixa nun 3,77 (sobre a implicación do alumnado na titulación) e a máis alta, un 4,08 referida ao cumprimento da planificación académica por parte do estudantado sen problemas.

O deseño do cuestionario do curso 2018-19 non inclúe preguntas sobre a xestión da calidade. Si as incluía o do curso anterior, cando comentabamos que a satisfacción do profesorado coas vías de participación na mellora da calidade da titulación fora tan só de 3 en Santiago, a segunda valoración máis baixa da enquisa (de 3,80 en Lugo). Este resultado pedía unha reflexión sobre a escasa repercusión que están a ter ata o de agora os esforzos da Comisión do GLE e da Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía para implicar e transmitir ao profesorado da titulación a responsabilidade común ante a calidade do título. Os datos da escasa participación do profesorado no curso 2018-19 apuntan na mesma dirección.

6. Persoal de administración e servizos

Neste grupo de interese hai que destacar unha vez máis a escasa participación: só se cubriron 4 cuestionarios, o 33,3% (fronte ao 46,2% no curso 2017-18 e ao 57,7% do curso 2016-17). A satisfacción global non é excelente, pero si suficientemente boa. Na Facultade de Humanidades a participación é igualmente escasa, só se cubriron dous cuestionarios dun universo de seis persoas (o cal supón o mesmo 33,33%, que neste caso se mantén estable dende hai tres cursos). A satisfacción global é algo máis baixa en Lugo que en Santiago, mais ambos centros ofrecen unha situación similar: 3,75 en Santiago e 3,50 en Lugo. Parece que este problema da participación non é exclusivo do alumnado, como xa vimos comentando de xeito reiterado.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.

- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como se explicaba no informe de seguimento dos cursos anteriores (2016-17 e 2017-18), ao ser esta titulación un grao destinado principalmente á docencia, a coyuntura na que se atopan as convocatorias de oposicións públicas cada curso pode ser determinante na situación laboral dos nosos egresados. Para a elaboración deste informe consultouse o estudo da ACSUG «*EIL 1314*» ([*Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2013-14*](#)), publicado en 2018, cuxo principal obxectivo é proporcionar información sobre a situación laboral dos titulados universitarios, aproximadamente tras dous anos de ter rematada a carreira; non só para ofrecer información de como se produce a integración no mercado laboral, senón para estudar tamén a satisfacción dos titulados ao seu paso pola universidade. Os achegamentos son dous: o acceso ao emprego e a situación laboral actual.

Debe terse en conta que a Axencia realizou a enquisa no verán de 2017, entre titulados no curso 2013-14, isto é, dous anos despois de acabaren os seus estudos. A mostra estivo constituída por 216 licenciados do SUG no grupo de Artes e Humanidades II —que comprende os estudos de Filoloxía— (taxa de resposta do 61,07%). Ofrécese a continuación un breve resumo das conclusións máis significativas no que afecta ao Grao en Lingua e Literatura españolas (mostra da USC de 19 estudantes):

1. O tempo medio en meses que lles levou atopar o primeiro emprego relacionado coa aos graduados en LLE foi de 14,94 (no conxunto do SUG foi de 10,42 meses). Na rama de coñecemento de Artes y Humanidades II aos homes lévalles case 3 meses máis que ás mulleres atopar emprego (a proporción invertíuse dende o informe anterior).
2. O 51,61% dos graduados en LLE traballaba no momento de realizar a enquisa, con diferenza entre mulleres e homes: o 48,09% das mulleres, fronte ao 54,17% dos homes.
3. O 90,99% manifestaba realizar funcións específicas da titulación.

Malia as cautelas con que deben ser valorados estes datos, parece evidente que a inserción laboral dos titulados do SUG non acadaba taxas óptimas nesta rama de coñecemento, pero tampouco resultaban catastróficas e o dato recollido no punto 3. resulta especialmente positivo. Como xa quedou explicado, a situación será necesariamente mellor dende que se volveron a convocar prazas no ensino secundario. Desafortunadamente a situación de pandemia que sufrimos no momento actual pola *covid-19* deixará tamén a súa pegada negativa neste aspecto tan relevante da inserción laboral.

Os esforzos para unha mellora da inserción laboral estanse orientando nos cursos recentes en tres liñas: o enriquecemento da oferta de prácticas externas para os alumnos do GLLE, e da propia difusión delas; a difusión de perfís laborais do título entre o estudantado e entre as empresas e institucións galegas, potenciais contratadoras, e a difusión a través da Aula virtual de Coordinación dos boletíns de información profesional (BIP) elaborados mensualmente pola Área de orientación laboral e emprego do Campus de Santiago (dependente da Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Servizos).

3.MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Non houbo modificacións do plan de estudos no curso 2018-19	

4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	E5_GLLE_Actas Comisión GLLE_1819 E5_GLLE_Actas CCC_1819 E5_GLLE_Actas CPE_1819 E5_GLLE_Actas CTG_1819 E5_GLLE_Acta Comisión Docencia_1819
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2501305_P.Ind_2018-2019
			2501305_INF.16_2018-2019
			2501305_INF.CIUG_2018-2019
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por	--

		titulación de procedencia	
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2501305_P.Ind_2018-2019
			SIGCAMPUS_INF.03_2018-2019
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do Centro (Sede 1)
			Web do Centro (Sede 1)
			Web do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro (sede 1)
			Web do Centro (sede 2)
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do Centro (sede 1)
			Web do Centro (sede 2)
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro (sede 1) Web do Centro (sede 2)
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 E13_GLLE_Enquisa satisfacción co TFG_1819 (xullo e setembro)
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2501305_P.Ind_2018-2019
			2501305_INF.04_2018-2019
			SIGCAMPUS_INF.05_2018-2019
			2501305_INF.06_2018-2019

			2501305_INF.07_2018-2019
			2501305_INF.08_2018-2019
			2501305_INF.09_2018-2019
			SIGCAMPUS_INF.10_2018-2019
			SIGCAMPUS_INF.11_2018-2019
			2501305_INF.13_2018-2019
			2501305_INF.14_2018-2019
			SIGCAMPUS_INF.21_2018-2019
			2501305_INF.22_2018-2019
			2501305_INF.23_2018-2019
			2501305_Informe_de_indicadores_2018-2019
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2501305_P.Ind_2018-2019
			2501305_Informe_de_indicadores_2018-2019
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2501305_E15_2018-2019
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	SIGCAMPUS_E16_2018-2019
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	SIGCAMPUS_I6-I7_2018-2019
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	SIGCAMPUS_I6-I7_2018-2019
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...	2501305_INF.13_2018-2019
			2501305_INF.14_2018-2019

)	
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	SIGCAMPUS_I10_2018-2019
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro (sede 1)
			Web do Centro (sede 2)
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro (sede 1)
			Web do Centro (sede 2)
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	E20_GLLE_Centros prácticas externas_1819
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	I11_GLLE_Alumnado por centros prácticas_1819
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	E24_GLLE_ListaxeTFG_1819.pdf
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2501305_INF.15_2018-2019
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento,	2501305_P.Ind_2018-2019
			2501305_INF.17_2018-2019
			2501305_INF.18_2018-2019

		<p>éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación 	<p>2501305_INF.19_2018-2019</p> <p>2501305_INF_SIIU_2018-2019</p> <p>2501305_Informe_de_indicadores_2018-2019</p>
7	I13	<p>Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso</p>	<p>2501305_P.Ind_2018-2019</p> <p>2501305_INF.CIUG_2018-2019</p> <p>2501305_Informe_de_indicadores_2018-2019</p>
7	I14	<p>Resultados de inserción laboral</p>	<p>2501305_EIL-SIIU_2018-2019</p> <p>2501305_EIL-ACSUG_2018-2019</p>
1,4,5	I15	<p>Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)</p>	<p>2501305_P.Ind_2018-2019</p> <p>2501305_Informe_de_indicadores_2018-2019</p> <p>2501305_MedUSC_cursocelda</p>
<p>*Ver la información pública mínima que debe estar publicada en la web (se encuentra en la guía de seguimiento/acreditación, pag 35).</p>			

ACCION DE MELLORA	
Código	AM-GLLE-1 - Grao en Lingua e Literatura Españolas-INTERCAMPUS (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Dimensión 3. Resultados. Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento.
Análise causa	Esta AM é continuación natural da AM-GLLE-2 (curso 2018-19), que a súa vez completaba a segunda tarefa da AM-2 (curso 2016-17). Nas consultas levadas a cabo nas coordinacións de cursos (en 2018-19) púxose de manifesto a necesidade de afianzar a coordinación entre o profesorado de cada curso, por unha banda, e a comunicación entre o alumnado e as figuras docentes coordinadoras. Os obxectivos son diminuír a taxa de abandono do título e equilibrar a carga de traballo e o calendario de tarefas do alumnado por cada curso.
Definición/ descripción proposta	Manter reunións de coordinación ao longo do curso (Coordinadora do Grao co profesorado coordinador de cada curso, por unha banda, e cada coordinador/a de curso co alumnado por outra) e preparar un calendario común para cada curso do GLLE coas datas relevantes para entrega de tarefas e coa carga de lecturas por área de coñecemento. Estas tarefas requirirán dunha plataforma de traballo e consulta compartida, que pode ser a aula virtual de coordinación ou a aplicación TEAMS (tras a creación dunha canle para cada curso, dentro dun equipo de coordinación de cursos).
Datas	Finalización: 30/10/2020; Inicio: 01/07/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Inmaculada Mas Álvarez
Tarefa1	AM-GLLE-1.1

Descrición tarefa	Levar a cabo dúas reunións de coordinadores/as de cursos, unha ao final do curso 2019-20 e outra ao comezo do curso 2020-21 para planificar as actuacións (da Tarefa 2).
Data prevista de finalización	30/09/2020
Responsable	Inmaculada Mas Álvarez
Estado	Activa
Tarefa2	AM-GLLE-1.2
Descrición tarefa	Habilitar un equipo en TEAMS (ou organizar a aula virtual de coordinación de curso) para manter o traballo conxunto para a coordinación de cursos e unha canle para cada curso. Crear un calendario para as probas das materias e para as lecturas e tarefas de cada curso (por materias).
Data prevista de finalización	30/10/2020
Responsable	Inmaculada Mas Álvarez
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA	
Código	AM-GLLE-2 - Grao en Lingua e Literatura Españolas-INTERCAMPUS (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Dimensión 3. Resultados. Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento.
Análise causa	Esta AM é continuación natural da AM-GLLE-3 (curso 2018-19), que pon o foco na taxa de rendemento e a satisfacción da materia TFG. Na enquisa do TFG vese que a dedicación do profesorado que titoriza os TFG é excesiva, polo que se pretende diminuír este esforzo, mellorando ao mesmo tempo a satisfacción do alumnado e o seu rendemento.
Definición/ descrición proposta	Mellorar a difusión da información sobre procedementos relacionados co TFG, tanto no que afecta á xestión coma, sobre todo, nos aspectos académicos da elaboración e o proceso, tendo en conta as pautas recomendadas polo profesorado de cada área de coñecemento.
Datas	Finalización: 23/12/2020; Inicio: 07/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Inmaculada Mas Álvarez
Tarefa1	AM-GLLE-2.1
Descrición tarefa	Difundir a información sobre proposta, elaboración e solicitude de defensa do TFG dun xeito máis claro e amigable a través do campus virtual (aula da materia do TFG).
Data prevista de finalización	23/12/2020
Responsable	Inmaculada Mas Álvarez
Estado	Activa
Tarefa2	AM-GLLE-2.2

Descrición tarefa	Elaborar unha guía ou folleto explicativo de axuda coas pautas recomendadas polo profesorado de cada área de coñecemento nos aspectos académicos relacionados coa elaboración e defensa do TFG: xestión da bibliografía consultada, orixinalidade (evitar plaxio), estrutura do TFG, formato (propoñendo unha plantilla, por exemplo), introdución, conclusións, índices, ilustracións etc.
Data prevista de finalización	22/12/2020
Responsable	Inmaculada Mas Álvarez
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA	
Código	<u>AM-GLLE-1 - Grao en Lingua e Literatura Españolas-INTERCAMPUS (Curso 2018-2019)</u>
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Dimensión 1. Xestión do título. 1.4. Criterios de admisión
Análise causa	<p>Esta AM é continuación da AM-1 (Curso 2016-17) que non puido ser completada como estaba previsto no ano 2018.</p> <p>O GLLE presenta unha elevada demanda de alumnos estranxeiros, nomeadamente de orixe chinesa, moitos dos cales non acadan o nivel de competencia en lingua española imprescindible para a súa normal integración nas aulas. Para ofrecer unha formación adecuada a estes estudantes, necesitados de medidas formativas particulares, constituíronse grupos de nivelación específicos, nomeadamente en materias de primeiro curso.</p> <p>Dado que cada ano se incrementa a diversidade neste tipo de alumnado, a área de Lingua Española considera pertinente continuar este labor de adaptación especificamente nas materias de Lingua e Gramática.</p>
Definición/ descripción proposta	Para chegar a facer unha diagnose da situación que permita adoptar posibles solucións no futuro, consistentes en medidas formativas axeitadas para ofrecerlles a formación académica máis axeitada para as súas necesidades, cómpre en primeiro lugar obter información sobre o perfil dos estudantes estranxeiros que acceden aos estudos do GLLE.
Datas	Finalización: 31/07/2019; Inicio: 13/03/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 19/07/2019
Responsables	Belén López Meirama
Comprobación	<u>AM-GLLE-1 - Grao en Lingua e Literatura Españolas-</u>

Acción	INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Pasouse o cuestionario previamente empregado no ano 2016 (no que se obtiveran 51 respostas), tras actualizalo, entre o alumnado estranxeiro de primeiro curso (Lingua española 2). Cubríronse un total de 42 respostas entre os días 9 e 30 de abril de 2019. Véxase o arquivo adxunto co resumen das respostas. (Arquivo: Resumen cuestionario AM-GLLE-1 (18-19).pdf)
Data Comprobación	15/05/2019
Incidencias	Non houbo incidencias.
Axustes/Novas Tarefas	Non se precisaron axustes.
Tarefa1	AM-GLLE-1.1
Descrición tarefa	Análise polo miúdo do perfil de ingreso dos estudantes estranxeiros (título e universidade de orixe, propósito do intercambio...), que cómpre coñecer en detalle. Esta análise contará coa axuda dun formulario que xa fóra creado e pasado coa mesma finalidade no ano 2016. A intención é comparar a situación do alumnado daquel curso e o do curso 2018-19.
Data prevista de finalización	31/05/2019
Responsable	Belén López Meirama
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-GLLE-1.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	A tarefa quedou resolta tras pasar o cuestionario. Cubríronse un total de 42 respostas entre os días 9 e 30 de abril de 2019. Véxase o arquivo adxunto co resumen das respostas. (Arquivo: Resumen cuestionario AM-GLLE-1 (18-19).pdf)
Data Comprobación	30/04/2019

Incidencias	Sen incidencias.
Axustes/Novas Tareas	Non se precisaron axustes.

ACCION DE MELLORA	
Código	<u>AM-GLLE-2 - Grao en Lingua e Literatura Españolas-INTERCAMPUS (Curso 2018-2019)</u>
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Dimensión 3. Resultados. Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento.
Análise causa	<p>Esta AM completa a segunda tarefa da AM-2 (Curso 206-17).</p> <p>A taxa de rendemento da materia Traballo Fin de Grao non é satisfactoria, polo que cómpre valorar se os alumnos chegan a cuarto cunha carga de traballo excesiva.</p> <p>Tamén como consecuencia da análise realizada para o informe de seguimento constatouse unha taxa de abandono no título que se considera necesario diminuír.</p>
Definición/ descripción proposta	Organizar unha reunión dos coordinadores de curso cos estudantes de 1º, 2º, 3º e 4º do GLLE, tras un curso de funcionamento, para recabar información da situación nos cursos e posibles solucións, nomeadamente en 1º e 4º.
Datas	Finalización: 31/07/2019; Inicio: 20/03/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 26/07/2019
Responsables	Inmaculada Mas Álvarez
Comprobación Acción	<u>AM-GLLE-2 - Grao en Lingua e Literatura Españolas-INTERCAMPUS</u>
Descrición Comprobación	Leváronse a cabo reunións dos coordinadores de curso para revisar e comentar os resultados obtidos na comunicación con cada grupo de estudatnes. Profesorado implicado: Francisco García Gondar (1º curso), Inmaculada Mas Álvarez (2º curso), Mª José Alonso Veloso (3º curso) e Belén López Meirama (4º curso). Reunións os días 04/04/2019 e 15/05/2019.
Data Comprobación	26/07/2019

Incidencias	Non houbo incidencias.
Axustes/Novas Tarefas	Non se precisaron axustes.
Tarefa1	AM-GLLE-2.1
Descrición tarefa	Levar a cabo a reunión de coordinadores de curso.
Data prevista de finalización	31/05/2019
Responsable	Inmaculada Mas Álvarez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-GLLE-2.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Organizáronse as reunións de coordinadores/as de curso cos estudantes de 1º, 2º, 3º e 4º do GLLE. Cada coordinador/ra organizou a recollida de información do xeito que considerou máis productivo. As reunións trasncurriron entre o 4 de abril de 2019 e o 6 de maio.
Data Comprobación	06/05/2019
Incidencias	Non houbo incidencias.
Axustes/Novas Tarefas	Non se precisaron axustes.

ACCION DE MELLORA	
Código	AM-GLLE-3 - Grao en Lingua e Literatura Españolas-INTERCAMPUS (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Dimensión 3. Resultados. Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento.
Análise causa	A satisfacción do estudantado coa materia do Traballo de Fin de Grao ofrece nalgúns puntos importantes unha valoración mellorable. A taxa de rendemento da materia Traballo Fin de Grao non é satisfactoria.
Definición/ descripción proposta	Mellorar a difusión da información sobre procedementos relacionados co TFG, tanto no que afecta á xestión coma nos aspectos académicos relacionados coa elaboración.
Datas	Finalización: 31/12/2019; Inicio: 01/04/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 29/11/2019
Responsables	Inmaculada Mas Álvarez
Comprobación Acción	AM-GLLE-3 - Grao en Lingua e Literatura Españolas-INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	A difusión levouse a cabo nas dúas tarefas previstas, en primeiro lugar a través das PREGUNTAS FRECUENTES e en segundo lugar (cun axuste de medio) a través do campus virtual.
Data Comprobación	29/11/2019
Incidencias	Sen incidencias.
Axustes/Novas Tareas	Sen novos axustes diferentes do xa indicado na Tarefa 2.
Tarefa1	AM-GLLE-3.1
Descrición tarefa	Elaborar e difundir dous documentos informativos cun resumo

	esquemático dos aspectos esenciais que poidan resultar pouco claros: un destinado ao alumnado de TFG e outro para o profesorado que o titoriza.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Inmaculada Mas Álvarez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-GLLE-3.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Para a difusión dos aspectos pouco claros optouse por preparar un documento de PREGUNTAS FRECUENTES, unha axuda que se propuxera cursos atrás e que finalmente implementou a Facultade. Canto ao profesorado, creouse un grupo de distribución de correo electrónico en Outlook (Office 365).
Data Comprobación	29/11/2019
Incidencias	Non houbo incidencias.
Axustes/Novas Tarefas	Non se precisaron axustes.
Tarefa2	AM-GLLE-3.2
Descrición tarefa	Incorporar á Guía docente da materia información máis clara e detallada sobre algúns aspectos esenciais, coma as condicións para solicitar prórroga, o procedemento de solicitude de defensa (que se debe facer a través da secretaría virtual) ou as recomendacións para preparar o documento de solicitude de título.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Inmaculada Mas Álvarez
Estado	Executada

Comprobación Tarefa	AM-GLLE-3.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	A Guía docente non se puido alterar, mais si se reforzaron os medios de comunicación, nomeadamente co alumnado, para ofrecer unha información máis clara no referido ás condicións para solicitar prórroga, o procedemento de solicitude de defensa ou as recomendacións para preparar o documento de solicitude do título e resumo. A vía principal foi a materia do campus virtual, que se activou con esta finalidade.
Data Comprobación	29/11/2019
Incidencias	Non houbo incidencias.
Axustes/Novas Tarefas	O axuste consistiu en centrar os esforzos na comunicación a través do campus virtual, pois non foi posible adaptar a Guía docente.